

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**10706** *Lei 13/2010, do 5 de xullo, pola que se modifica a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio e dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, para perfeccionar e ampliar o réxime xeral de comercio de dereitos de emisión e incluír nel a aviación.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE.

Entre novembro de 2008 e abril de 2009 aprobáronse dúas directivas que revisan a 2003/87/CE, reformando o réxime europeo de comercio de dereitos de emisión e estendendo o seu ámbito de aplicación. Estes cambios obrigan a modificar a Lei 1/2005.

Por unha banda, a Directiva 2008/101/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, ten como obxecto reducir o impacto no cambio climático atribuíble á aviación, mediante a inclusión das emisións das actividades deste sector no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión.

Pola súa parte, a Directiva 2009/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, acomete unha revisión en profundidade do réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión. A revisión é froito da experiencia adquirida desde que o sistema de comercio de dereitos de emisión se puxo en marcha o 1 de xaneiro de 2005. Responde á necesidade de harmonizar o réxime para aproveitar mellor os seus beneficios potenciais, evitar distorsións no mercado comunitario interior e facilitar vínculos entre réximes de comercio de dereitos de emisión. Así mesmo, foi obxectivo principal da reforma incrementar a previsibilidade e ampliar o ámbito de aplicación do réxime para dar cabida a novos sectores e gases que cumpren as condicións necesarias para ser regulados mediante un instrumento normativo deste tipo.

A Directiva 2009/29/CE forma parte do chamado paquete comunitario de lexislación sobre enerxía e cambio climático, cuxa principal finalidade é pór en marcha un conxunto de medidas que garantan o cumprimento do compromiso asumido polo Consello Europeo en marzo de 2007: reducir para 2020 as emisións globais de gases de efecto invernadoiro da Comunidade polo menos un 20% respecto aos niveis de 1990, e un 30% sempre que outros países desenvolvidos se comprometan a realizar reducións comprobables e que os países en desenvolvemento economicamente máis avanzados se comprometan a contribuir convenientemente en función das súas responsabilidades e capacidades.

As directivas 2008/101/CE e 2009/29/CE establecen unha serie de obrigas previas de notificación que se lles deben exixir aos operadores aéreos e aos titulares de plantas industriais que se incorporan ao comercio de dereitos de emisión a partir de 2013. Dada a urxencia do asunto, as ditas obrigas foron traspostas ao ordenamento xurídico nacional de

maneira anticipada mediante a disposición adicional segunda da Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras.

Agora, e con esta lei, incorpórase ao noso ordenamento xurídico o resto de disposicións das citadas directivas. A lei conta cun artigo único que, a través de diversos números, vai modificando diversos preceptos da Lei 1/2005. A continuación expóranse os distintos cambios introducidos nos diferentes capítulos da citada norma.

Polo demais, esta lei complétase cunha disposición transitoria que determina que se continúe aplicando ata o 31 de decembro de 2012, nalgúns casos, a regulación orixinaria dalgúns dos preceptos modificados, unha disposición derogatoria que priva de vixencia determinados preceptos da Lei 1/2005 que non son obxecto de modificación e que deben deixar de estar en vigor a partir de 2013, e dúas disposicións derradeiras, a primeira relativa aos títulos competenciais e a segunda sobre a entrada en vigor. Así, entrarán en vigor ao día seguinte da publicación no BOE os números un, dous [definicións a) a e), g), i), j) e l) a v)], cinco, seis, dez, once, trece, dezaseis a vinte e catro, vinte e sete a trinta e oito, trinta e nove (no que respecta aos números 6 e 7 do anexo I e a actividade 29 do cadro do anexo I) e corenta e un a corenta e tres desta lei.

## II

As modificacións introducidas no capítulo I da Lei 1/2005 concéntranse en boa medida no artigo 2, de definicións. A inclusión do sector da aviación no réxime de comercio de dereitos de emisión fixo necesaria a introdución dunha serie de definicións aplicables ás actividades de aviación. Introdúcense tamén algunhas novidades nas definicións relativas ao réxime xeral. A este respecto, cabe destacar que a definición de gas de efecto invernadoiro se modifica para facela coherente coa utilizada no ámbito da Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático, e que se inclúe unha definición para a actividade de «combustión». A nova definición de «combustión» aborda un problema de falta de claridade respecto ao que se debía interpretar como instalación de combustión, o que orixinou algunhas distorsións na implantación do réxime ao longo do territorio da Comunidade.

## III

O capítulo II da Lei 1/2005 regula o réxime de autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro. As principais novidades introducidas neste capítulo son a necesidade de revisar as autorizacións polo menos cada cinco anos e a aparición do plan de seguimento como elemento da autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro. O plan de seguimento foi cobrando maior relevancia no sistema de seguimento, verificación e notificación das emisións. De aí que finalmente se opte por integralo na autorización. Así mesmo, prevese o establecemento de obrigas sobre o uso de sistemas automatizados e formatos de intercambio de datos.

## IV

O capítulo III da Lei 1/2005, que contén o réxime aplicable ás autorizacións de agrupación de instalacións, queda derogado, xa que a partir do 1 de xaneiro de 2013 a formación de agrupacións de instalacións deixa de ser posible no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión. En todo caso, a posibilidade de formar agrupacións non é aplicable ás actividades de aviación.

## V

O capítulo IV da Lei 1/2005 é un dos máis afectados pola reforma. Nese capítulo definíase a natureza e contido do Plan Nacional de Asignación, así como o seu procedemento

de aprobación. O Plan Nacional de Asignación, elemento central na asignación de dereitos de emisión durante os dous primeiros períodos de aplicación do réxime de comercio, desaparece a partir do 1 de xaneiro de 2013. A partir desta data adóptase un enfoque comunitario, tanto no que respecta á determinación do volume total de dereitos de emisión como no relativo á metodoloxía para asignar os dereitos de emisión.

Nesta materia, hai cuestións clave na configuración do réxime que non se recollen na lei, na medida en que se trata de aspectos obxecto dunha xestión comunitaria que non requiren transposición. No obstante, a continuación expónse, para unha mellor comprensión, unha visión completa do novo réxime neste ámbito.

A partir de 2013, a cantidade de dereitos de emisión determínase a escala comunitaria. O cálculo e publicación da dita cantidade correspóndelle á Comisión Europea, de acordo co establecido na Directiva 2009/29/CE. O volume total de dereitos determínase utilizando a asignación que se aprobou no conxunto dos Estados membros para o período 2008-2012. Pártese do punto medio do dito período e redúcese anual e linealmente un 1,74%. Isto corresponde, aproximadamente, a unha redución do 21% en 2020 respecto a 2005 para o conxunto de sectores afectados polo comercio de dereitos de emisión.

A asignación determinada conforme o indicado no parágrafo anterior débese axustar para dar conta da inclusión de actividades que non estaban afectadas polo comercio de dereitos de emisión en 2008-2012, así como daquelas actividades que, estando xa incluídas no réxime de comercio no período 2008-2012, experimentaron un incremento na súa cobertura pola eliminación de limiares para a súa inclusión, como é o caso do sector cerámico, e para ter presente a posible exclusión de pequenas instalacións conforme a nova disposición instaurada ao respecto.

O novo capítulo IV organízase en dúas seccións, nas que se abordan as dúas fórmulas básicas de asignación dos dereitos de emisión: poxa e asignación gratuíta transitoria.

No novo réxime a poxa de dereitos de emisión toma un papel central como método de asignación. A cantidade total de dereitos que se vai poxar determínase por exclusión: ao volume total de dereitos, a escala comunitaria, réstaselle a cantidade destinada a ser asignada de forma gratuíta. O repartimento da bolsa de poxa entre os Estados membros e, en definitiva, a cantidade de dereitos de emisión que lle corresponde a España poxar realízase conforme os criterios establecidos na Directiva 2009/29/CE. As poxas serán organizadas segundo a normativa comunitaria que se debe elaborar ao respecto. Cabe apuntar que a directiva comunitaria prevé, na súa parte expositiva, que as primeiras poxas de dereitos para o período de comercio que comeza en 2013 se realicen en 2011. Os ingresos da poxa deberanse destinar a políticas de cambio climático, incluída a cooperación internacional neste ámbito, e en especial os esforzos débense centrar na redución de emisións dos sectores difusos co fin de que España cumpra cos seus compromisos de redución de emisións difusas para o ano 2020, así como na aplicación de medidas de adaptación aos efectos do cambio climático.

A asignación gratuíta de dereitos de emisión concíbese como un réxime transitorio, cuxa existencia queda condicionada pola evolución das políticas globais de cambio climático e, máis concretamente, coa posibilidade de que se produzan fugas de carbono. Enténdese por fugas de carbono o traslado das emisións de carbono, cun balance neto positivo, desde a Comunidade cara a países terceiros que non lle impuxeron á súa industria obrigas comparables en materia de emisións de carbono ao réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión. Existen tres tipoloxías de instalacións segundo o grao de asignación gratuíta que reciban. Aos xeradores de electricidade e as instalacións de captura, transporte e almacenamento xeolóxico de carbono non se lles outorgará asignación gratuíta. As instalacións de sectores e subsectores expostos a fugas de carbono terán o 100% de asignación gratuíta. Finalmente, o resto de instalacións terán un 80% de asignación gratuíta en 2013. A porcentaxe de gratuidade seguirá unha senda lineal descendente ata alcanzarse o 30% en 2020. Malia o dito respecto aos xeradores eléctricos, a coxeración de alta eficiencia e a calefacción urbana recibirán asignación gratuíta respecto da produción de calor e refrixeración.

Os sectores e subsectores que se consideran expostos a fugas de carbono, así como as regras de asignación, deben ser determinados pola Comisión Europea de conformidade

co establecido na Directiva 2009/29/CE. As ditas regras de asignación estarán baseadas, na medida do posible, en parámetros de referencia ex ante de escala comunitaria.

A reserva de dereitos de emisión para novos entrantes establécese de forma conxunta para a Comunidade. A este fin destínase o 5% da cantidade total de dereitos de emisión. Igual que ocorría coas instalacións existentes, as regras de asignación gratuíta para os novos entrantes débense basear na normativa comunitaria que cómpre elaborar a este respecto. Os dereitos que non se asignen a novos entrantes serán poxados.

O procedemento que se debe seguir para a asignación individualizada de dereitos de emisión mantense en grandes liñas. Cambian os prazos, consecuencia das modificacións que introduce a directiva nesta materia. Así, o prazo de presentación da solicitude de asignación debe agora realizarse polo menos 22 meses antes do inicio do período. Outra novidade destacable é que o titular deberá achegar unha declaración responsable de que a instalación conta coas licenzas e permisos exhibibles para póla en funcionamento.

Cómpre ter en conta que, de conformidade co previsto na disposición transitoria desta lei, a regulación orixinaria do capítulo IV se seguirá aplicando ás asignacións de dereitos correspondentes ao período 2008-2012, mentres que as novas normas se aplicarán ás asignacións correspondentes a dereitos do período de comercio que se inicia en 2013, mesmo cando estas se produzan antes dese ano.

## VI

O capítulo V da Lei 1/2005 está dedicado aos dereitos de emisión. Aquí, aínda que se mantén o sistema de asignación de dereitos de emisión ás instalacións, mediante acordo do Consello de Ministros, desaparecen os plans nacionais de asignación e introdúcese como novidade o concepto de período de comercio. O período de comercio substitúe o que no réxime actual é o período de vixencia dun plan nacional de asignación. Ao teren desaparecido os plans nacionais de asignación, a continuidade das regras entre períodos pasa a ser maior. Os dereitos de emisión soamente son válidos para un período de comercio dado, pero, unha vez finalizado o período, os haberes dos titulares de conta débense intercambiar por dereitos correspondentes ao seguinte período. Neste sentido, dise que os dereitos son arrastrables entre períodos. Do mesmo modo, cabe apuntar aquí que outras unidades como as reducións certificadas de emisións (RCE) ou as unidades de redución de emisións (URE) son arrastrables do período 2008-2012 ao seguinte, malia que a súa utilización queda condicionada polo previsto no artigo 27 bis, contido no capítulo VII. A duración dos períodos de comercios fíxase en oito anos.

A outra novidade deste capítulo é que se prevé a posibilidade de que o sistema comunitario de comercio de dereitos de emisión se vincule a sistemas de comercio de entidades rexionais ou subfederais de Estados terceiros.

## VII

O capítulo VI da Lei 1/2005 regula as obrigas de información. Establécese o procedemento de notificación e anotación no rexistro de dereitos de emisión das emisións verificadas correspondentes aos operadores aéreos. No caso destes, o operador deberá entregar o informe verificado de emisións ao Ministerio de Fomento, que avalía o informe e, en caso de aprobación, o notifica ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para que proceda a anotar as emisións no rexistro de dereitos de emisión. No caso de discrepancias, correspóndelle ao Ministerio de Fomento resolver, unha vez notificadas estas ao operador e consideradas as súas alegacións.

No caso das instalacións fixas, introdúcese a obriga de achegar no informe de emisións datos de emisións en relación coa produción. Este tipo de información é clave dada a tendencia a basear a asignación gratuíta transitoria en parámetros de referencia que se calculan con estes datos. Así mesmo, a evolución das emisións por unidade de produto constitúe un indicador moi valioso da efectividade do réxime.

Outra novidade do capítulo é a creación dunha base de datos baseada na información contida nos informes verificados de emisións. O obxecto desta base de datos é permitirles ás autoridades públicas a explotación áxil da información que achegan os afectados con

fins relacionados coa loita contra o cambio climático, tal como a elaboración de inventarios de emisións, a avaliación de políticas de cambio de cambio climático ou a determinación de parámetros de emisións de referencia.

Finalmente, establécese un prazo para que as autoridades competentes remitan ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a información necesaria para que se elabore o informe referido no artigo 21 da Directiva 2003/87/CE.

#### VIII

O capítulo VII, relativo ao rexistro de dereitos de emisión, experimenta considerables cambios desde o punto de vista da redacción. No que respecta ao contido, cabe destacar como modificación significativa no funcionamento do réxime que, conforme a Directiva 2009/29/CE, a partir do 1 de xaneiro de 2012 os dereitos de emisión deben estar consignados no rexistro comunitario único. Polo tanto, os rexistros nacionais de dereitos de emisión deixan de ter un papel na xestión do réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión.

Polo demais, introdúcese disposicións para os operadores aéreos similares ás que xa existían para as instalacións fixas. Unha peculiaridade do sistema é que os dereitos de emisión que se lles outorgan aos operadores aéreos son exclusivamente utilizables para efectos de cumprimento da obriga de entrega por parte destes operadores, pero non por parte dos titulares de instalacións fixas.

Por outro lado, aclárase que non hai obriga de entregar dereitos de emisión respecto ás emisións cuxa captura estea comprobada e que se transportasen para o seu almacenamento permanente a unha instalación cunha autorización vixente de conformidade coa lexislación aplicable en materia de captura e almacenamento xeolóxico de carbono.

Finalmente, precísanse as regras que rexerán, en ausencia dun acordo internacional na materia, para o emprego de RCE e URE para efectos de cumprimento.

#### IX

As novidades do capítulo VIII, réxime sancionador, proveñen fundamentalmente da inclusión do sector de aviación. Os artigos dedicados á tipificación das infraccións e ás sancións estrutúranse separando claramente o correspondente a operadores aéreos e a instalacións fixas. No que respecta aos operadores aéreos, cabe destacar que a prohibición de explotación na Comunidade, equivalente á clausura ou extinción da autorización de instalacións fixas, leva consigo un procedemento de ámbito comunitario. Esta eventualidade resérvase a aqueles casos en que outras medidas coercitivas non lograsen garantir o cumprimento das disposicións previstas nesta lei. Cando así sexa, poderáselle solicitar á Comisión Europea a prohibición de explotación do operador aéreo. Se a Comisión Europea adopta unha decisión neste sentido, a prohibición será de aplicación por todos os Estados membros, e cada un será responsable de que se cumpra no que respecta ao seu territorio.

O exercicio da potestade sancionadora no caso dos operadores aéreos será responsabilidade do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que deberá solicitar, en todo caso, o informe da Axencia Estatal de Seguridade Aérea. O incumprimento da obriga de cada operador aéreo de dispor dun plan de seguimento dos datos de toneladas-quilómetro que fose aprobado pola autoridade competente imposibilita o adecuado seguimento e control dos datos de toneladas-quilómetro e, por tanto, a asignación gratuíta de dereitos de emisión.

A única novidade que afecta tanto instalacións fixas como operadores aéreos fai referencia á actualización da multa que se debe pagar en caso de incumprimento da obriga de entrega de dereitos de emisión. A dita multa, que toma o valor inicial de 100 € por cada tonelada de CO<sub>2</sub> emitida en exceso, deberase actualizar a partir do 1 de xaneiro de 2013 de acordo co índice de prezos ao consumo europeo.



## X

No capítulo IX regúlanse todos os aspectos específicos do funcionamento do réxime para a aviación que difiren do funcionamento do réxime xeral. O primeiro destes aspectos é que non se precisa dispor dun réxime de autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro para o sector da aviación. No seu lugar, as medidas para o seguimento e a notificación establécense en plans de seguimento. Posto que os operadores aéreos, ademais de levaren a cabo o seguimento e a notificación das súas emisións de gases de efecto invernadoiro, deben realizar estas actividades respecto dos seus datos de toneladas-quilómetro durante un ano de referencia para efectos de solicitar asignación de dereitos de emisión, cada operador deberá dispor de dous plans de seguimento: un para as emisións e outro para os datos de toneladas-quilómetro. O ano de referencia para a solicitude de asignación, denominado ano de seguimento, para os períodos de comercio 2012 e 2013-2020 será 2010 e, para períodos subseguintes, coincidirá co ano natural que finalice 24 meses antes do período de comercio. Os operadores aéreos deberán presentar propostas de plans de seguimento para as súas emisións e toneladas-quilómetro ante o Ministerio de Fomento polo menos con catro meses de antelación respecto ao comezo de cada período de comercio. A aprobación dos plans corresponderá ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, tras o informe do Ministerio de Fomento.

A cantidade de dereitos de emisión para a aviación determínase a escala comunitaria. O cálculo e publicación da dita cantidade corresponde á Comisión Europea, de acordo co establecido na Directiva 2008/101/CE. O volume total de dereitos determínase partindo das emisións históricas da aviación ou, o que é o mesmo, da media aritmética das emisións anuais dos anos 2004, 2005 e 2006 procedentes das aeronaves que realizan unha actividade de aviación incluída no ámbito de aplicación da directiva 2008/101/CE. Así, a cantidade total de dereitos de aviación para os períodos 2012 e 2013-2020 será do 97% e 95% das emisións históricas da aviación respectivamente.

O método de asignación predominante é a asignación gratuíta mediante a aplicación de parámetros de referencia. Non obstante, tamén no caso das actividades de aviación se prevé unha participación significativa da asignación mediante poxa. Así, tanto en 2012 como no período 2013-2020 poxarase o 15% dos dereitos de emisión.

A asignación gratuíta de dereitos de emisión baséase na multiplicación dos datos de toneladas-quilómetro de cada operador aéreo, correspondentes a un ano de seguimento determinado, por un parámetro de referencia común que se determina a escala comunitaria. Para os períodos 2012 e 2013-2020 o ano de seguimento para efectos de calcular a asignación será 2010.

O parámetro de referencia é calculado pola Comisión Europea dividindo o número de dereitos de emisión a asignar gratuitamente no período de comercio entre a suma de todos os datos de toneladas-quilómetro presentados polos operadores nas súas solicitudes de asignación. As solicitudes de asignación dos operadores aéreos atribuídos a España débense presentar ante o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño 21 meses antes do comezo do período. O Ministerio de Fomento ten a potestade de emitir informe sobre as solicitudes, e a asignación de dereitos de emisión adóptase mediante acordo do Consello de Ministros, realizado o trámite de información pública, por proposta dos ministerios de Economía e Facenda, de Fomento e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Constitúese unha reserva especial do 3% do volume total de dereitos do período de comercio para asignar a operadores aéreos que comezan a desenvolver unha actividade de aviación ou que ven incrementados de forma moi significativa os seus datos de toneladas-quilómetro: máis dun 18% ao comparar os datos correspondentes ao ano de referencia para a asignación nun período de comercio determinado e o segundo ano dese período de comercio. No período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012 non haberá reserva especial.

Ao contrario do que sucede coas instalacións fixas, onde a asignación aos novos entrantes é un proceso continuo, a asignación de dereitos de emisión aos operadores aéreos desde a reserva especial prodúcese unha única vez por cada período de comercio.

As solicitudes deberanse presentar antes do 30 de xuño do terceiro ano do período de comercio ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. O Ministerio de Fomento emite informe sobre o cumprimento dos requisitos para acceder á reserva e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño remíteas á Comisión Europea para que, xunto cos datos entregados polo resto de Estados membros, se poida calcular o parámetro de referencia que se aplicará para determinar a asignación. A resolución de asignación correspóndelle ao Consello de Ministros, realizado o trámite de información pública, por proposta dos ministerios de Economía e Facenda, de Fomento e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Os dereitos de emisión da reserva que non se asignen serán poxados.

Para os operadores que comezan a desenvolver unha actividade de aviación e que sexan titulares dunha licenza de explotación outorgada polo Ministerio de Fomento, será posible, unha vez obtida a dita licenza, comezar a realizar inmediatamente os trámites oportunos para dar cumprimento ás obrigas de seguimento e notificación establecidas na lei. Por outro lado, para aqueles novos operadores que non sexan titulares dunha licenza de explotación válida concedida por un Estado membro da Unión Europea, a directiva establece que o Estado membro responsable da súa xestión será aquel para o que se calculasen as emisións atribuídas máis elevadas procedentes dos voos operados polo dito operador durante o ano de referencia. O ano de referencia para novos operadores é o primeiro ano de operacións, de maneira que, para estes operadores, só é posible determinar de maneira definitiva se se atopan incluídos no ámbito de aplicación desta lei unha vez finalizado o seu primeiro ano de actividade. Por iso, a lei contén disposicións especiais para estes operadores respecto ao cumprimento da obriga de presentar ante o Ministerio de Fomento plans de seguimento nos que se establezan as medidas para realizar o seguimento e a notificación dos seus datos de emisións e toneladas-quilómetro e de remitir o informe verificado sobre as emisións do primeiro ano de operacións.

## XI

A disposición adicional cuarta substitúese por unha nova que establece un mecanismo para a exclusión de pequenos emisores e hospitais, sempre e cando cumplan unha serie de requisitos, entre os cales se atopa a implantación de medidas equivalentes de redución das emisións e a implantación dun sistema de seguimento e notificación das emisións. Prevese que se determine por vía regulamentaria a concreción de qué se debe entender por medidas equivalentes. Neste contexto, enténdese por pequeno emisor a instalación que notificase menos de 25.000 toneladas de dióxido de carbono en cada un dos tres anos anteriores a aquel en que se debe presentar a solicitude de asignación para o período. Así mesmo, no caso de instalacións onde se realizan actividades de combustión, deberán ter capacidade térmica nominal inferior aos 35 MW. A exclusión das instalacións cuxos titulares así o solicitasen é competencia das comunidades autónomas, aínda que se exige informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

O texto da disposición adicional quinta pasa a establecer a posibilidade de que, mediante desenvolvemento regulamentario, se permita a expedición de redución de emisións conseguidas en proxectos que se localizan no territorio nacional e que fan referencia a actividades non cubertas polo anexo I desta lei.

Por último, introdúcese unha disposición adicional sexta relativa á eventual compensación de custos indirectos. No contexto que nos ocupa, enténdese por custos indirectos os derivados do incremento do prezo da electricidade pola implantación do comercio de dereitos de emisión. Como consecuencia dese incremento, podería ocorrer que sectores industriais intensivos en consumo eléctrico quedasen expostos a un risco significativo de fugas de carbono. Para os casos en que o risco deriva principalmente do aumento dos custos indirectos, a lei prevé a posibilidade de que o Goberno estableza a creación dun mecanismo de compensación destes custos que preveña a aparición das fugas de carbono.

## XII

Introdúcense tamén novas disposicións transitorias e derradeiras na Lei 1/2005.

A disposición transitoria oitava establece o prazo para que as instalacións que se incorporarán ao réxime a partir de 2013, como consecuencia da ampliación do ámbito de aplicación, soliciten autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.

A Directiva 2008/101/CE prevé un réxime transitorio dun ano, 2012, para a participación das actividades de aviación no comercio de dereitos de emisión. As disposicións transitorias novena a décimo cuarta regulan este réxime.

Por último, incorpóranse tamén novidades, na disposición derradeira terceira, que habilita o Goberno para que dite as disposicións de desenvolvemento da lei. Introdúcese, especificamente, a posibilidade de modificar regulamentariamente o anexo I co obxecto de excluír os operadores aéreos de países terceiros que adoptasen medidas para reducir o impacto da aviación no cambio climático, sempre que, de conformidade coa Directiva 2008/101/CE, a Comisión adoptase unha decisión nese sentido.

## XIII

O anexo I, relativo ao ámbito de aplicación, cambia de forma significativa. Ademais das actividades de aviación, inclúense sectores industriais novos, como a produción de aluminio, cobre, zinc e metais non férreos en xeral, o secado e calcinado de xeso, a produción de ácido nítrico, ácido adípico, glioxal e ácido glioxálico, amoníaco, compostos orgánicos de base, hidróxeno e carbonato sódico, e a captura, transporte por tubaxe e almacenamento de CO<sub>2</sub>. Así mesmo, aparecen por primeira vez no ámbito de aplicación gases distintos do CO<sub>2</sub>: os perfluorocarburos na produción de aluminio, e o óxido nítrico na fabricación dalgúns produtos na industria química.

No que ás actividades de aviación se refire, o ámbito de aplicación esténdese aos operadores aéreos que realicen voos con orixe ou engalaxe nun aeródromo situado no territorio dun Estado membro ao que se aplique o Tratado ou un Estado do Espazo Económico Europeo, que non lles sexan de aplicación ningunha das excepcións establecidas no cadro do anexo I, e que ou ben sexan titulares dunha licenza de explotación válida concedida polo Ministerio de Fomento ou ben, non sendo titulares dunha licenza de explotación concedida por un Estado membro da Unión Europea, a maior parte das súas emisións de dióxido de carbono durante o ano de referencia sexan atribuíbles a España. Entenderase por ano de referencia, para estes efectos, en relación cun operador que iniciase as súas actividades na Comunidade Europea despois do 1 de xaneiro de 2006, o primeiro ano natural de operacións, e, nos demais casos, o ano natural que comeza o 1 de xaneiro de 2006. A Directiva 2008/101/CE establece que a Comisión Europea deberá publicar unha lista de operadores aéreos e Estados membros responsables da súa xestión segundo os criterios considerados na directiva e que a actualizará e publicará antes do 1 de febreiro de cada ano. A citada lista tomarase en consideración á hora de determinar os operadores aéreos incluídos no ámbito de aplicación desta lei.

Respecto aos residuos urbanos e perigosos, aclárase que a exclusión afecta soamente as instalacións onde se incineran este tipo de residuos.

Así mesmo, é novidade relevante a exclusión das instalacións que usan exclusivamente biomasa. A este respecto, enténdese que unha unidade usa exclusivamente biomasa aínda que utilice combustibles fósiles para o arranque e parada.

Á hora de aplicar a regra da suma (cálculo da capacidade dunha instalación para determinar se unha instalación está dentro do ámbito de aplicación), débense excluír as unidades de menos de 3 MW. Iso si, se a instalación está finalmente no ámbito de aplicación, porque supera o limiar relevante, débense incluír todas as unidades, independentemente do seu tamaño.

Adóptase unha interpretación da instalación de combustión exhaustiva, que inclúe calquera dispositivo onde se oxidan combustibles, incluíndo as actividades directamente asociadas, como o lavado de gases residuais.

Finalmente, no que respecta ao cambio do ámbito de aplicación, modifícase a definición do sector cerámico, de maneira que se pasa a aplicar soamente o primeiro dos tres limiares



ou condicións de inclusión que se debían satisfacer para que a instalación estivese afectada por este réxime.

Os anexos III e IV, relativos aos principios do seguimento e notificación de emisións e aos criterios da verificación, complétanse con seccións dedicadas ás actividades de aviación.

#### XIV

Convén facer mención, por último, aos títulos competenciais que serven de base para a regulación adoptada. A este respecto, convén destacar que as novidades introducidas por esta lei seguen sendo disposicións de carácter marcadamente ambiental, tanto polo seu obxectivo –contribuír á redución das emisións antropoxénicas de efecto invernadoiro– como pola súa orixe –os compromisos asumidos conforme o Protocolo de Quioto e as directivas obxecto de transposición. En consecuencia, corresponde invocar o artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución española, que reserva ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección e das súas competencias recoñecidas estatutariamente.

En virtude de todo o anterior, reguláronse con carácter de lexislación básica en materia de protección do ambiente as modificacións relativas ás autorizacións de emisión, as obrigas de seguimento das emisións, de remisión de información e a verificación, salvagardando as competencias autonómicas de ditar normas de desenvolvemento que establezan un nivel de protección superior e, evidentemente, as súas competencias de execución ou xestión en materia de ambiente nos seus respectivos territorios.

Non obstante, o seguimento das emisións no sector do transporte aéreo require unha mención específica, xa que a súa realización e, en particular, a aprobación do plan de seguimento lle corresponde á Administración xeral do Estado. Neste sentido, o control ambiental dos operadores aéreos pola dita Administración xustifícase no seguinte: en primeiro lugar, no sector aéreo, ten lugar unha deslocalización dos focos emisores que non se produce no caso das instalacións fixas e que podería supor, no caso de que se descentralizase o seguimento das emisións das aeronaves, o exercicio de competencias autonómicas fóra dos seus respectivos territorios; en segundo lugar, a Constitución centralizou no Estado o control do transporte e tránsito aéreo (artigo 149.1.20.<sup>a</sup>), e, en atención ao interese prevalente que subxace naqueles casos en que a Constitución lle reserva unha competencia exclusiva ao Estado, a función ambiental debe ser exercida pola autoridade que exerce a competencia substantiva sobre as aeronaves; e, en terceiro lugar, ademais diso, esta solución garante a plena coherencia do sistema español co deseño da propia Directiva 2008/101/CE, que remite á autoridade territorial que controla as licenzas de explotación para atribuír o control das emisións.

Isto non obsta para que a competencia executiva autonómica en materia de protección do ambiente e o correlativo interese das comunidades autónomas teñan a súa canle de participación no sistema mediante instrumentos de cooperación e información recíproca que contribúan a mellorar o coñecemento dos efectos das emisións nos ámbitos territoriais que resulten afectados.

Por último, cómpre lembrar que o obxectivo da redución de emisións se alcanza a través do mercado de dereitos de emisión, cuxo funcionamento ten decisivas consecuencias sobre sectores económicos tales como o industrial e o eléctrico e afecta a toma de decisións empresariais tales como a estratexia de investimentos, os seus niveis de produción, etc. En consecuencia, as modificacións introducidas neste mercado para o adaptar ás directivas que esta lei traspón teñen a mesma dimensión. Así, débese seguir tendo en conta a competencia estatal para determinar as bases da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, respecto ao cal a xurisprudencia constitucional admitiu que ampare normas estatais que fixen as liñas directrices e os criterios globais de ordenación de sectores económicos concretos e actuacións executivas en relación con prácticas ou actividades que poidan alterar a libre competencia e teñan transcendencia sobre o mercado supraautonómico.

Neste sentido, as novidades introducidas por esta lei relativas ao mercado de dereitos de emisión teñen, por un lado, o carácter de bases que rexen o seu funcionamento e, por outro, de medidas singulares de execución que garanten a aplicación homoxénea dos criterios para o repartimento de dereitos en todo o territorio nacional, de maneira que se contribúa a evitar distorsións na competencia, así como diferenzas inxustificadas entre sectores de actividade e entre instalacións.

Así, en virtude das competencias recoñecidas polo título competencial do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, o Estado está habilitado para:

1.º Establecer e, en consecuencia, modificar as bases do réxime xurídico dos dereitos de emisión e o seu comercio, incluída a regulación dos períodos de comercio e a forma e os métodos de asignación de dereitos de emisión.

2.º Tramitar e resolver os procedementos de asignación de dereitos de emisión, operación na que resulta necesario garantir o axuste da suma global dos dereitos asignados a cada instalación coa cantidade total de dereitos a escala comunitaria, así como a aplicación homoxénea da fórmula de repartimento de dereitos mediante unha idéntica interpretación das súas variables, con independencia da localización territorial da instalación.

3.º Levar a cabo as actuacións relativas ao Rexistro comunitario de dereitos de emisión, para garantir a realización de operacións en tempo real cun alto grao de certeza e coordinación.

4.º Pola súa condición de rexión ultraperiférica, pola súa dependencia estrutural da aviación ao non dispor de medios de transporte alternativos e comparables, o que condiciona en gran medida boa parte do seu produto interior bruto, e polos problemas relativos ás obrigas de servizo público vinculados á aplicación desta lei, adoptaranse aquelas medidas que, no marco da normativa comunitaria, permitan adaptar a aplicación do réxime nas Illas Canarias, de tal forma que se corrixan os posibles problemas de accesibilidade e competitividade que esta puidese xerar.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

A Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, queda modificada como segue:

Un. O primeiro parágrafo do artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«Esta lei ten por obxecto a regulación do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, para fomentar reducións das emisións destes gases dunha forma eficaz e de maneira economicamente eficiente.»

Dous. O artigo 2 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do disposto nesta lei, entenderase por:

a) Dereito de emisión: o dereito subxectivo a emitir unha tonelada equivalente de dióxido de carbono, desde unha instalación ou unha aeronave que realiza unha actividade de aviación incluída no ámbito de aplicación desta lei, durante un período determinado.

b) Expedición: o acto mediante o cal o Rexistro incorpora á conta de haberes da Administración xeral do Estado os dereitos de emisión.

c) Transferencia: a operación do Rexistro que reflicte o movemento de dereitos de emisión entre distintas contas.

d) Transmisión: o cambio de titularidade dun ou varios dereitos de emisión producido pola inscrición no Rexistro do negocio xurídico do que deriva.

e) Emisión: a liberación á atmosfera de gases de efecto invernadoiro a partir de fontes situadas nunha instalación ou a liberación, procedente dunha aeronave que realiza unha actividade enumerada no anexo I, dos gases especificados para a dita actividade.

f) Gases de efecto invernadoiro: os gases que figuran no anexo II e outros compoñentes gasosos da atmosfera, tanto naturais como antropoxénicos, que absorben e volven a emitir a radiación infravermella;

g) Autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro: a autorización exixida ás instalacións que desenvolvan actividades enumeradas no anexo I, que dean lugar ás emisións especificadas neste.

h) Autorización de agrupación: a autorización que lles permite a varias instalacións cumprir de forma conxunta as obrigas de entrega anual de dereitos de emisión nos períodos de comercio 2005-2007 e 2008-2012.

i) Instalación: toda unidade técnica fixa onde se leven a cabo unha ou varias actividades das enumeradas no anexo I, así como calquera outra actividade directamente relacionada con aquelas que garden unha relación de índole técnica coas actividades realizadas no dito lugar e poidan ter repercusións sobre as emisións e a contaminación.

j) Titular da instalación: calquera persoa física ou xurídica que opere ou controle a instalación ben en condición de propietario, ben ao abeiro de calquera outro título xurídico, sempre que este lle outorgue poderes suficientes sobre o funcionamento técnico e económico da instalación.

k) Novo entrante:

– toda instalación que leve a cabo unha ou varias das actividades indicadas no anexo I, á que se lle conceda unha autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro por primeira vez nos dezaioito meses anteriores ao comezo dun período de comercio ou durante este, ou

– toda instalación que leve a cabo unha ou varias das actividades indicadas no anexo I, que fose obxecto dunha ampliación significativa nos dezaioito meses anteriores ao comezo dun período de comercio ou durante este, á que se lle conceda unha nova autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro ou renovación desta. O concepto de ampliación significativa precisarase regulamentariamente.

l) tonelada equivalente de dióxido de carbono: unha tonelada métrica de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) ou unha cantidade de calquera outro gas de efecto invernadoiro recollido no anexo II cun potencial equivalente de quentamento do planeta.

m) Proxecto de aplicación conxunta: un proxecto de investimento que cumpra os requisitos establecidos no artigo 6 do Protocolo de Quioto á Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático.

n) Proxecto de desenvolvemento limpo: un proxecto de investimento que cumpra os requisitos establecidos no artigo 12 do Protocolo de Quioto á Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático.

o) Unidade de redución das emisións: unha unidade expedida de conformidade co artigo 6 do Protocolo de Quioto á Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático.

p) Redución certificada das emisións: unha unidade expedida de conformidade co artigo 12 do Protocolo de Quioto á Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático.

q) Operador aéreo: a persoa física ou xurídica que opera unha aeronave no momento en que realiza unha actividade de aviación enumerada no anexo I ou ben o propietario da aeronave, se se descoñece a identidade da dita persoa ou non é identificado polo propietario da aeronave. Para estes efectos, para a determinación de operador aéreo utilizarase o indicativo de chamada empregado para o control do tráfico aéreo.

r) Operador de transporte aéreo comercial: operador aéreo que presta ao público, a cambio dunha remuneración, servizos de transporte aéreo regulares ou non regulares, para o transporte de pasaxeiros, correo ou carga. Os operadores de transporte aéreo comerciais deben posuír un certificado de operador aéreo (AOC) de conformidade co anexo 6, parte I, do Convenio de Chicago ou certificado equivalente.

s) Estado membro responsable da xestión: é o Estado membro responsable de xestionar o réxime comunitario no que respecta aos operadores aéreos.

De o operador aéreo dispor dunha licenza de explotación comunitaria, o Estado membro responsable da xestión será aquel que lle concedese a licenza de explotación a ese operador. Noutro caso, o Estado membro responsable da xestión será aquel para o cal se calculasen as emisións da aviación atribuídas máis elevadas, procedentes dos voos operados por un operador aéreo, durante o ano de referencia.

t) Emisións da aviación atribuídas: emisións de todos os voos que figuran entre as actividades de aviación enumeradas no anexo I con orixe nun aeródromo situado no territorio dun Estado membro ou un Estado do Espazo Económico Europeo e daqueles voos que chegan a ese aeródromo procedentes dun país terceiro.

u) Emisións históricas do sector da aviación: a media aritmética das emisións anuais nos anos naturais 2004, 2005 e 2006 procedentes das aeronaves que realizan unha actividade de aviación enumerada no anexo I.

v) Plan de seguimento: a documentación pormenorizada, completa e transparente da metodoloxía de seguimento dunha instalación ou operador aéreo concreto, incluída a documentación das actividades de adquisición e tratamento de datos e o sistema de control da súa veracidade.

w) Combustión: toda oxidación de combustibles, calquera que sexa o uso da calor ou da enerxía eléctrica ou mecánica producidas por este proceso, e calquera outra actividade directamente asociada, incluído o lavado de gases residuais.

x) Xerador de electricidade: unha instalación que, a partir do 1 de xaneiro de 2005, producise electricidade para vendela a terceiros e na que non se realice ningunha actividade do anexo I, con excepción da de combustión.»

Tres. Introdúcense dúas novas alíneas no número 1 do artigo 3 coa seguinte redacción:

«f) A elaboración e aprobación de directrices técnicas e notas aclaratorias para a harmonización da aplicación do réxime de dereitos de emisión.»

«g) O desenvolvemento e implantación dun réxime nacional de proxectos domésticos.»

Catro. Introdúcese un número 2 no artigo 3 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 3 bis. *Mesas de diálogo social e Consello Nacional do Clima.*

2. O Consello Nacional do Clima garantirá a participación das organizacións sindicais, empresariais e ambientais no seguimento da aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión en canto aos seus efectos na competitividade, a estabilidade no emprego, a cohesión social e a coherencia ambiental.»

Cinco. O artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Instalacións sometidas a autorización de emisión.*

1. Toda instalación en que se desenvolva algunha das actividades e que xere as emisións especificadas no anexo I deberá contar con autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro expedida en favor do seu titular, salvo se a instalación está excluída do réxime comunitario conforme a disposición adicional cuarta.

2. A autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro terá o contido seguinte:

- a) Nome e enderezo do titular da instalación.
- b) Identificación e domicilio da instalación.
- c) Unha descrición básica das actividades e emisións da instalación.
- d) Un plan de seguimento que cumpra os requisitos conforme a normativa comunitaria aplicable e a normativa de desenvolvemento que se adopte.
- e) As obrigas de subministración de información, de acordo coa normativa comunitaria aplicable, e, de ser o caso, coa normativa de desenvolvemento.
- e bis) As obrigas sobre o uso de sistemas automatizados e formatos de intercambio de datos para harmonizar a comunicación sobre o plan de seguimento, o informe anual sobre as emisións e as actividades de verificación entre o titular, o verificador e as autoridades competentes.
- f) A obriga de entregar, nos catro meses seguintes ao final de cada ano natural, dereitos de emisión en cantidade equivalente ás emisións totais verificadas da instalación durante o ano anterior.
- g) Data prevista de entrada en funcionamento.
- h) A obriga de abrir unha conta de haberes de titular no rexistro de dereitos de emisión.

3. A autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro, se así o solicita o seu titular, poderá cubrir unha ou máis instalacións, sempre que estas se sitúen nunha mesma localización, garden unha relación de índole técnica e contén cun mesmo titular.

4. A autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro outorgarase sempre que o órgano autonómico competente considere acreditado que o titular é capaz de garantir o seguimento e notificación das emisións conforme o disposto nos parágrafos d), e) e e bis) do artigo 4.2. Transcorrido o prazo de tres meses sen se ter notificado resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo. Non obstante, a instalación poderá seguir funcionando de maneira provisoria, sempre que establecese un sistema de seguimento de emisións conforme o disposto nesta lei mentres o órgano competente non resolva de forma expresa.

5. O órgano autonómico competente revisará, polo menos cada cinco anos, a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro, e introducirá as modificacións oportunas.

O órgano competente poderá permitir que os titulares actualicen os plans de seguimento sen modificación da autorización. Os titulares someterán todo plan de seguimento actualizado ao órgano competente para aprobación.

Regulamentariamente determinaranse as bases do sistema de seguimento de emisións e as obrigas de subministración de información de acordo co disposto nos parágrafos d), e) e e bis) do artigo 4.2. O desenvolvemento regulamentario deberá ser compatible coa normativa comunitaria e ter presente os requirimentos de viabilidade técnica e económica en cada sector incluído no ámbito de aplicación desta lei.»

Seis. A alínea f) do artigo 5 queda redactada nos seguintes termos:

«f) Unha proposta de plan de seguimento que cumpra os requisitos exixidos pola normativa comunitaria, e nacional vixentes en cada momento.»

Sete. O artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Cambios na instalación.*

O titular deberá informar o órgano competente de calquera proxecto de cambio no carácter, o funcionamento, o tamaño da instalación, ou daqueles que supoñan



ampliación ou redución significativa da súa capacidade, así como de todo cambio que afecte a identidade ou o domicilio do titular. De ser o caso, á vista da información remitida, o órgano autonómico competente modificará de oficio a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro no prazo máximo de tres meses.»

Oito. Engádense ao final do artigo 7 dous novos parágrafos coa seguinte redacción:

«Non se lle asignará ningún dereito de forma gratuíta a unha instalación que cesase de funcionar, a menos que o titular da instalación demostre á autoridade competente que esa instalación reiniciará a produción nun prazo especificado e razoable.

De conformidade coa normativa comunitaria, precisaranse regulamentariamente as circunstancias que determinan o cesamento da actividade ou o peche da instalación, así como as medidas destinadas a definir as instalacións que cesaron parcialmente de funcionar ou que reduciron significativamente a súa capacidade e, se procede, medidas destinadas a adaptar en consecuencia o nivel de dereitos de emisión gratuítos asignados a elas.»

Nove. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Comunicacións ao órgano competente en materia de rexistro.*

As comunidades autónomas comunicarán ao órgano competente, en relación co Rexistro de dereitos de emisión, as resolucións de outorgamento, modificación e extinción das autorizacións, no prazo de 10 días desde a data da resolución.»

Dez. O capítulo IV pasa a denominarse «Asignación de dereitos de emisión» e queda redactado nos seguintes termos:

#### «CAPÍTULO IV

#### **Asignación de dereitos de emisión**

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Poxa*

Artigo 14. *Principios xerais.*

1. A poxa será o método básico de asignación de dereitos de emisión a partir do período 2013-2020.

2. Regulamentariamente establecerase o réxime desas poxas conforme os principios de liberdade de concorrencia, publicidade, transparencia, non discriminación e eficiencia. Neste sentido, o réxime de poxas axustarase aos seguintes criterios:

a) deberase velar por que os titulares e, en particular, calquera pequena ou mediana empresa incluída no ámbito de aplicación desta lei teñan un acceso pleno, xusto e equitativo,

b) todos os participantes deberán ter acceso á mesma información ao mesmo tempo e ningún participante deberá obstaculizar o funcionamento das poxas,

c) a organización e participación nas poxas deberán ser eficientes desde o punto de vista dos custos,

d) a poxa garantizará que se lles conceda aos pequenos emisores o acceso aos dereitos de emisión.

3. Correspóndelle á Secretaría de Estado de Cambio Climático a organización das poxas, así como velar por que a súa aplicación se leve a cabo de acordo co que establece a normativa comunitaria, e, de ser o caso, coa normativa de desenvolvemento desta lei.

Artigo 15. *Informes.*

No prazo dun mes tras a celebración de cada poxa, a Secretaría de Estado de Cambio Climático publicará un informe sobre o desenvolvemento dela; en particular, detallando a aplicación das normas de poxa, o acceso xusto e libre por todos os operadores, a transparencia na súa resolución, o cálculo dos prezos e os aspectos técnicos e operativos da súa celebración.

*Sección 2.ª Asignación gratuíta transitoria*

Artigo 16. *Instalacións susceptibles de recibir asignación gratuíta transitoria.*

1. En 2013 e en cada un dos anos seguintes ata 2020, as instalacións de sectores ou subsectores expostos a un risco significativo de fuga de carbono recibirán dereitos de forma gratuíta. O grao de asignación gratuíta alcanzará neste caso o 100% da cantidade determinada de acordo coas normas comunitarias harmonizadas de asignación gratuíta transitoria.

Enténdese por sectores ou subsectores expostos a un risco significativo de fugas de carbono aqueles en que a aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión provocaría un aumento das emisións en países terceiros que non lle impuxeron á súa industria obrigas comparables en materia de emisións de carbono. Os sectores expostos a un risco significativo de fugas de carbono serán determinados pola Comisión Europea.

2. Para as instalacións que non pertencen a sectores ou subsectores expostos a un risco significativo de fugas de carbono e sexan susceptibles de recibir asignación gratuíta, a cantidade de dereitos de emisión correspondentes a 2013 asignados de forma gratuíta será o 80% da cantidade determinada de acordo coas normas comunitarias harmonizadas. Esta porcentaxe irase reducindo cada ano na mesma cantidade coa finalidade de chegar en 2020 a unha situación en que se asigne un 30% dos dereitos de forma gratuíta e a total eliminación da gratuidade en 2027.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos segundo e terceiro, a partir de 2013 non se asignarán dereitos de emisión de forma gratuíta aos xeradores de electricidade, ás instalacións de captura, ás conducións para o transporte nin aos puntos de almacenamento de dióxido de carbono.

Non obstante, no caso da electricidade producida mediante a combustión de gases residuais cuxa emisión no proceso de produción industrial non poida ser evitada, regulamentariamente, de conformidade co previsto pola normativa comunitaria, e sempre que a dita normativa así o autorice, asignaranse dereitos de emisión de forma gratuíta aos titulares das instalacións de combustión dos gases residuais ou aos titulares das instalacións de orixe deses gases.

Asignaranse dereitos de emisión de forma gratuíta á calefacción urbana e á coxeración de alta eficiencia, respecto da produción de calor ou refrixeración. Para estes efectos, considerarase coxeración de alta eficiencia a definida no Real decreto 616/2007, do 11 de maio, sobre fomento da coxeración.

Artigo 17. *Regras de asignación.*

A metodoloxía de asignación gratuíta transitoria será determinada polas normas harmonizadas que se adopten a nivel comunitario, así como, de ser o caso, na normativa de desenvolvemento desta lei.

Artigo 18. *Reserva para novos entrantes.*

1. O cinco por cento da cantidade de dereitos de emisión asignados a escala comunitaria para o período 2013 a 2020 reservarase para os novos entrantes. Esta reserva de novos entrantes é común e única para toda a Comunidade.

2. As regras de asignación gratuíta transitoria aos novos entrantes concretaranse nas normas comunitarias harmonizadas e, de ser o caso, na normativa

de desenvolvemento desta lei. Non se asignará ningún dereito de emisión de forma gratuíta a ningún tipo de produción de electricidade polos novos entrantes.

3. Os dereitos de emisión que permanezan na reserva sen teren sido asignados a novos entrantes ao longo do período 2013-2020 serán poxados. Determinarase regulamentariamente, de conformidade coa normativa comunitaria aplicable se é o caso, o momento en que se poxarán os ditos dereitos.

Artigo 19. *Asignación individualizada de dereitos de emisión.*

1. Os titulares das instalacións poderanlle solicitar ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a asignación de dereitos de emisión para cada período de comercio. Esa solicitude presentarase ante o órgano autonómico competente para tramitar a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro, que a remitirá, xunto coa documentación exixida no número 3 deste artigo, ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño nun prazo máximo de dez días.

2. A solicitude deberase presentar 22 meses antes do inicio de cada período de comercio.

As instalacións que teñan a consideración de novos entrantes solicitarán a asignación individualizada de dereitos de emisión unha vez que dispoñan de autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.

3. A solicitude de asignación de dereitos deberá vir acompañada da documentación en que conste:

a) Acreditación de ser titular da instalación e dispor de autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro. En caso de que no momento da solicitude de asignación o titular solicitase a correspondente autorización, pero esta non fose outorgada aínda, poderá solicitar asignación presentando unicamente a solicitude de autorización. Non obstante, polo menos 18 meses antes do inicio do período de comercio deberá ter obtido e presentado a citada autorización. De non ser así, pasará a ser considerado novo entrante, de conformidade co establecido na alínea k) do artigo 2.

b) Todos aqueles datos da instalación que sexan necesarios para calcular a súa asignación de acordo coas normas comunitarias harmonizadas sobre asignación gratuíta transitoria, e, de ser o caso, na normativa de desenvolvemento desta lei.

c) Unha declaración responsable de que a instalación conta con todos os permisos e licenzas administrativos exixidos pola normativa aplicable estatal, autonómica e local para pór a instalación en funcionamento.

Non será necesario achegar os datos de emisións verificadas que xa consten inscritas no Rexistro de dereitos de emisión.

No suposto de instalacións que non se encontren aínda en funcionamento, indicarase a data probable da súa posta en marcha.

4. A asignación de dereitos de emisión adoptarase mediante acordo do Consello de Ministros, realizado o trámite de información pública, tras a consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, e por proposta dos ministerios de Economía e Facenda, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

5. O acordo determinará a cantidade de dereitos asignada durante un período de comercio e os dereitos asignados para cada ano a cada instalación. Transcorrido o prazo de tres meses sen se ter notificado resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

No que respecta ás instalacións que dispoñen de autorización polo menos dezaioito meses antes do comezo dun período de comercio, o acordo publicarase quince meses antes do comezo do dito período.

6. Este acordo será comunicado no prazo de 10 días desde a súa adopción ás comunidades autónomas.

7. As resolucións sobre a asignación individualizada de dereitos de emisión serán accesibles ao público, nos termos e coas limitacións previstas nas normas reguladoras do dereito de acceso á información en materia de ambiente.

8. Nos supostos en que, como consecuencia de melloras tecnolóxicas non previstas na asignación inicial, se produza unha modificación nas características dunha instalación que determine un cambio na autorización e unha redución significativa de emisións, o titular da citada instalación manterá a asignación inicial de dereitos de emisión.»

Once. No capítulo V, sobre «Dereitos de emisión», introdúcese un artigo 19 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 19 bis. *Períodos de comercio.*

1. Os dereitos de emisión serán válidos para as emisións producidas durante un período de tempo determinado, denominado período de comercio. Transcorrido o prazo de catro meses contados desde a finalización de cada período de comercio, os dereitos de emisión válidos para ese período caducarán automaticamente e serán suprimidos de oficio pola autoridade competente en materia de rexistro. Non obstante, a autoridade competente en materia de rexistro expedirá dereitos de emisión aos titulares de conta para o período en curso en substitución de calquera dereito de emisión, válido para o segundo e sucesivos períodos de comercio, dos que sexan titulares e que fosen suprimidos por non teren sido entregados en aplicación do artigo 27 de conformidade co disposto neste parágrafo.

2. Os períodos de comercio terán unha duración de oito anos a partir do 1 de xaneiro de 2013, sucedéndose de forma continua no tempo.»

Doce. O artigo 20 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 20. *Natureza xurídica dos dereitos de emisión.*

1. O dereito de emisión configúrase como o dereito subxectivo a liberar á atmosfera unha tonelada equivalente de dióxido de carbono desde unha aeronave ou desde unha instalación incluída no ámbito de aplicación desta lei.

2. A titularidade orixinaria da totalidade dos dereitos de emisión que se outorguen de maneira gratuíta a instalacións situadas en territorio español e aos operadores aéreos cuxa xestión corresponda a España, así como a titularidade dos dereitos de emisión poxados, corresponde á Administración xeral do Estado, que os asignará, alleará ou cancelará de conformidade co establecido nesta lei.

3. O dereito de emisión terá carácter transmisible.

4. A expedición, titularidade, transferencia, transmisión, entrega e supresión dos dereitos de emisión deberá ser obxecto de inscrición no rexistro de dereitos de emisión.»

Trece. A alínea b) do artigo 21 queda redactado nos seguintes termos:

«b) Entre as anteriores e persoas físicas ou xurídicas en Estados terceiros ou entidades rexionais ou subfedeais dos ditos Estados terceiros, tras o recoñecemento mutuo dos dereitos das partes asinantes en virtude de instrumento internacional.»

Catorce. O capítulo VI, sobre «Obrigas de información das emisións», queda redactado nos seguintes termos:

## «CAPÍTULO VI

### Obrigas de información das emisións

#### Artigo 22. *Remisión de información.*

1. O titular da instalación deberá remitir ao órgano autonómico competente, antes do 28 de febreiro, o informe verificado sobre as emisións do ano precedente, que se axustará ao exixido na autorización, segundo o disposto no artigo 4.2.e), e á parte A do anexo III.

O operador aéreo deberá remitir ao Ministerio de Fomento, antes do 28 de febreiro, o informe verificado sobre as emisións das aeronaves que opera do ano precedente, que se axustará ao exixido no plan de seguimento, segundo o disposto no artigo 36, e á parte B do anexo III.

O contido mínimo do informe verificado de emisións virá determinado pola normativa comunitaria sobre notificación e seguimento das emisións e, se é o caso, pola normativa de desenvolvemento desta lei.

O informe deberá ser verificado de conformidade co disposto no anexo IV e a normativa comunitaria sobre verificación e acreditación, e, se é o caso, coa normativa de desenvolvemento desta lei. A dita normativa será obxecto de informe preceptivo pola Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

No caso de instalacións fixas, a normativa de desenvolvemento poderá establecer requisitos de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013 respecto do seguimento, notificación e verificación das emisións de gases de efecto invernadoiro en relación coa produción, con vistas ao establecemento dos parámetros de referencia ex ante. Así mesmo, poderá prever requisitos para que os titulares de instalacións notifiquen as emisións asociadas á fabricación de produtos por industrias grandes consumidoras de enerxía que poidan estar suxeitas á competencia internacional, e para que esa información se verifique de forma independente. Eses requisitos pódense referir á notificación dos niveis de emisión pola xeración de electricidade incluída no réxime comunitario asociada á fabricación deses produtos.

A normativa de desenvolvemento en materia de notificación e seguimento poderá incluír requisitos sobre o uso de sistemas automatizados e formatos de intercambio de datos para harmonizar a comunicación sobre o plan de seguimento, o informe anual sobre as emisións e as actividades de verificación entre o titular, o verificador e as autoridades competentes.

2. Os operadores aéreos a que se refire o anexo I que non sexan titulares dunha licenza de explotación válida concedida polo Ministerio de Fomento e que comecen a desenvolver unha actividade de aviación das recollidas no anexo I despois do 1 de febreiro de 2009, realizarán o informe relativo ás emisións do primeiro ano de actividade utilizando as disposicións relativas a lagoas de datos previstas na normativa comunitaria en materia de seguimento e notificación das emisións.

As obrigas previstas neste número serán aplicables ás emisións que teñan lugar a partir do 1 de xaneiro de 2010.

3. Os operadores aéreos que, conforme os criterios establecidos na normativa comunitaria aplicable e, se é o caso, os desenvolvementos regulamentarios desta lei, sexan considerados pequenos emisores poderán empregar os procedementos de seguimento e notificación simplificados que se prevexan na citada normativa.

4. Cando, de conformidade coa definición da actividade de aviación recollida no cadro do anexo I, un operador aéreo cambie as súas operacións de forma que deixe de realizar actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, deberá remitir unha comunicación ao Ministerio de Fomento na que se acredite esta circunstancia. No prazo de 1 mes, o Ministerio de Fomento responderá informando de que non ten obxeccións, ou ben, de as ter, indicando cales son.



Cando un novo operador que apareza atribuído a España na «Lista de operadores de aeronaves e Estados membros responsables da xestión que lles corresponden» a que se refire o número 6 do anexo I non realice actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, procederá de conformidade co previsto no parágrafo anterior.

5. As comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado colaborarán para crear e manter unha base de datos de comercio de dereitos de emisión baseada na información contida nos informes verificados de emisións.

6. A información cuberta polo segredo profesional non poderá ser divulgada a ningunha outra persoa ou autoridade excepto en virtude das disposicións legais, regulamentarias ou administrativas aplicables.

#### Artigo 23. *Valoración do informe verificado.*

1. Se o órgano autonómico competente dá a súa conformidade aos informes verificados descritos no primeiro parágrafo do artigo 22 punto 1, procederá a inscribir antes do 31 de marzo o dato sobre emisións do ano precedente na táboa de emisións verificadas que para tal efecto se habilite no Rexistro de dereitos de emisión.

2. Se o órgano autonómico competente discrepar do informe verificado, notificaralle ao titular da instalación a existencia de discrepancias, a proposta de resolución destas para poder considerar satisfactorio o informe e, se é o caso, a estimación de emisións. Examinadas as alegacións do titular da instalación, o órgano autonómico competente resolverá e inscribirá na táboa de emisións verificadas habilitada para tal efecto no rexistro o dato sobre emisións da instalación.

3. Se o Ministerio de Fomento emite informe favorable respecto ao informe de emisións verificado presentado por un operador aéreo, notificarao ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para que este proceda a inscribir antes do 31 de marzo o dato sobre emisións do ano precedente na táboa de emisións verificadas que para tal efecto se habilite no Rexistro de dereitos de emisión.

4. Se o Ministerio de Fomento discrepar do informe verificado, notificará ao operador aéreo a existencia de discrepancias, a proposta de resolución destas para poder considerar satisfactorio o informe e, se é o caso, a estimación de emisións. Examinadas as alegacións do operador aéreo, o Ministerio de Fomento resolverá e solicitará ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño que inscriba, na táboa de emisións verificadas habilitada para tal efecto no rexistro, o dato sobre emisións do operador aéreo.

5. Nos supostos en que o titular ou o operador aéreo non remítise o informe verificado no prazo establecido no artigo 22, o órgano autonómico competente ou o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por solicitude do Ministerio de Fomento se se trata dun operador aéreo, procederá á estimación de emisións e inscribirá na táboa de emisións verificadas habilitada para tal efecto no rexistro o dato sobre emisións da instalación ou do operador aéreo.

6. A estimación do dato de emisións nos supostos dos números 2, 4 e 5 realizarase de acordo coa metodoloxía exixible.

A estimación do dato de emisións das actividades de aviación realizarase aplicando as disposicións relativas a lagoas de datos previstas na normativa comunitaria en materia de seguimento e notificación das emisións sobre as actividades realizadas polo operador aéreo.

7. A Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático poderá solicitar que as autoridades competentes para o exercicio das funcións previstas neste artigo informen no seu seo do desenvolvemento delas.

#### Artigo 24. *Suspensión das operacións de transmisión de dereitos de emisión.*

1. Nos supostos previstos nos números 2 e 5 do artigo 23, o titular non poderá transmitir dereitos de emisión mentres non se produza a inscrición do dato sobre emisións polo órgano autonómico competente.

2. Nos supostos previstos nos números 4 e 5 do artigo 23, o operador non poderá transmitir dereitos de emisión mentres non se produza a inscrición do dato sobre emisións polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.»

Quince. O capítulo VII pasa a denominarse «Rexistros de unidades de emisión» e queda redactado nos seguintes termos:

#### «CAPÍTULO VII

#### **Rexistros de unidades de emisión**

Artigo 25. *O Rexistro comunitario de dereitos de emisión.*

1. O Rexistro comunitario de dereitos de emisión é o instrumento a través do cal se asegura a publicidade e permanente actualización da titularidade e control dos dereitos de emisión.

2. Os operadores aéreos terán, o mesmo que os titulares de instalacións, a obriga de abrir unha conta de haberes de titular no rexistro.

Para estes efectos, as resolucións de aprobación e extinción dos plans de seguimento das emisións dos operadores aéreos comunicaranse ao órgano competente en relación co Rexistro de dereitos de emisión no prazo de 10 días desde a súa adopción.

3. O Rexistro comunitario será accesible ao público, nos termos previstos na normativa comunitaria. O órgano competente en materia de rexistros será o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que exercerá as súas competencias en relación coa actividade das contas de haberes correspondentes a instalacións situadas en territorio español, das dos operadores aéreos cuxa xestión corresponda a España e coa actividade das contas de haberes de persoas físicas e xurídicas que fosen abertas tras petición dirixida a ese ministerio, sen prexuízo da competencia que posúen as comunidades autónomas en relación coa inscrición no rexistro do dato de emisións verificadas das instalacións fixas.

4. O rexistro terá por obxecto a inscrición de todas as operacións relativas á expedición, titularidade, transmisión, transferencia, entrega, retirada e supresión dos dereitos de emisión, así como á constitución de dereitos reais ou outra clase de gravames sobre estes, na medida en que así o considere o regulamento sobre réxime normalizado e garantido de rexistros. Así mesmo, inscribirá a suspensión da capacidade de transmitir dereitos de emisión nos supostos previstos no artigo 24.

5. As normas de organización e funcionamento do rexistro desenvolveranse por real decreto, de acordo co disposto no Regulamento sobre réxime normalizado e garantido de rexistros aprobado pola Comisión Europea.

Artigo 26. *Expedición de dereitos de emisión.*

1. Cada ano, o órgano competente en materia de rexistros ordenará ao administrador central do rexistro comunitario, designado pola Comisión Europea, a expedición dos dereitos de emisión que se deben distribuír ese ano de conformidade cos artigos 14, 19, 38, 39 e 41, tanto para instalacións fixas como para o sector da aviación.

2. Antes do 28 de febreiro de cada ano, o órgano competente en materia de rexistros ordenará ao administrador central a transferencia á conta de haberes de cada titular e operador aéreo da cantidade de dereitos de emisión outorgados gratuitamente que lle correspondan, segundo os acordos a que se refiren os artigos 19.5, 38 e 41.

3. A transferencia de dereitos de emisión, outorgados gratuitamente, aos novos entrantes producírase de conformidade coa normativa comunitaria, e, se é o caso, coa normativa de desenvolvemento. Os dereitos asignados a novos entrantes no marco do Plan Nacional de Asignación 2008-2012 serán transferidos da conta de haberes da Administración xeral do Estado á do titular da instalación cando a

comunidade autónoma comunique ao rexistro que a instalación se puxo en funcionamento.

4. O rexistro non transferirá á conta de haberes do titular da instalación os dereitos outorgados gratuitamente cando a instalación cesase de funcionar, a menos que o titular da instalación lle demostre ao órgano competente que reemprenderá a produción nun prazo especificado e razoable. Considerarase que cesaron as súas actividades as instalacións cuxa autorización de emisións de gases de efecto invernadoiro caducase ou se retirase e as instalacións cuxo funcionamento ou reinicio de funcionamento resulte tecnicamente imposible.

*Artigo 27. Entrega e supresión de dereitos de emisión.*

1. O rexistro procederá, en calquera momento e por petición do seu titular, á supresión dos dereitos de emisión.

2. Antes do 30 de abril de cada ano, os titulares das instalacións e os operadores aéreos deberán entregar un número de dereitos de emisión equivalente ao dato de emisións verificadas inscrito de conformidade co disposto no artigo 23. Para estes efectos, os dereitos de emisión asignados á aviación serán válidos unicamente para cumprir a obriga de entrega de dereitos de emisión dos operadores aéreos. Non obstante, os operadores aéreos poderán empregar tamén para satisfacer a súa obriga de entrega, sen limitación ningunha, os dereitos de emisión correspondentes ás instalacións fixas.

De conformidade co establecido no artigo 27 bis, os titulares das instalacións e os operadores aéreos poderán tamén utilizar reducións certificadas de emisións ou unidades de redución de emisións procedentes dos mecanismos de flexibilidade para cumprir coa obriga de entrega referida no parágrafo anterior.

A entrega determinará a transferencia de dereitos desde a conta de haberes do titular de instalación ou do operador aéreo, e quedará reflectida nas táboas de entrega de dereitos e de estado de cumprimento.

3. A partir do 1 de xaneiro de 2013 non haberá obriga de entregar dereitos de emisión relativos a emisións cuxa captura estea comprobada e que se transportasen para o seu almacenamento permanente a unha instalación cunha autorización vixente de conformidade coa lexislación en vigor sobre almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.

*Artigo 27 bis. Utilización de RCE e URE.*

1. A utilización por parte dos titulares de instalacións fixas e dos operadores aéreos de reducións certificadas de emisións ou unidades de redución de emisións procedentes dos mecanismos de flexibilidade para cumprir coa obriga de entrega establecida no número 2 do artigo 27 soamente será posible na medida en que non se superen os límites cuantitativos establecidos para tal efecto. Os límites correspondentes a cada instalación e a cada operador aéreo precisaranse regulamentariamente, tendo en conta as normas harmonizadas sobre este asunto que adopte a Comisión Europea.

2. En todo caso, na medida en que non esgotasen as cotas de utilización de reducións certificadas de emisións e unidades de redución de emisións autorizadas para o período 2008-2012 os titulares de instalacións ou os operadores aéreos poderanlle solicitar á autoridade competente que lles expida dereitos de emisión válidos a partir de 2013 a cambio de reducións certificadas de emisións ou unidades de redución de emisións procedentes de proxectos elixibles para o seu uso no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión durante o período 2008-2012. A normativa de desenvolvemento poderá establecer requisitos aplicables a estes créditos de redución de emisións de conformidade co exixido pola normativa comunitaria.

3. En particular, na medida en que non esgotasen as cotas de utilización de reducións certificadas de emisións e unidades de redución de emisións autorizadas

para o período 2008-2012, a autoridade competente autorizará os titulares de instalacións ou os operadores aéreos, sempre e cando sexa conforme a normativa europea, a intercambiaren reducións certificadas de emisións e unidades de redución de emisións de proxectos rexistrados antes de 2013, expedidas en relación con redución de emisións a partir de 2013, por dereitos de emisión válidos a partir de 2013.

Artigo 28. *Relación do Rexistro co administrador central.*

Cando o administrador central ao que a Comisión Europea lle encomende a función de xestión do Rexistro comunitario detecte irregularidades en relación con algunha operación de transferencia de dereitos de emisión, informará diso o órgano competente, e suspenderase cautelarmente a inscrición da operación afectada e de calquera outra na que estean implicados os dereitos de emisión correspondentes mentres non se resolven as irregularidades detectadas.»

Dezaseis. O artigo 29 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 29. *Tipificación das infraccións para instalacións fixas.*

1. Para os efectos desta lei, e sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica, as infraccións administrativas clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións administrativas moi graves as seguintes:

1.º Exercer a actividade sen a preceptiva autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.

2.º Incumprir a obriga de informar sobre a modificación do carácter, o funcionamento ou o tamaño da instalación, establecida no artigo 6, sempre que supoña alteracións significativas nos datos de emisións ou requira cambios na metodoloxía aplicable para cumprir as obrigas de seguimento previstas no artigo 4.2.d).

3.º Non presentar o informe anual verificado exixido no artigo 22.

4.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida no artigo 19.3.

5.º Incumprir a obriga de entregar dereitos exixida no artigo 27.2.

6.º Impedir o acceso do verificador ás localizacións da instalación nos supostos en que estea facultado polo anexo IV desta lei e a súa normativa de desenvolvemento.

7.º Non achegar a información necesaria para o procedemento de verificación.

3. Son infraccións administrativas graves:

1.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida nos artigos 5 e 6.

2.º Incumprir a obriga de informar sobre a modificación da identidade ou o domicilio do titular establecida no artigo 6.

3.º Incumprir as condicións de seguimento das emisións establecidas na autorización cando do dito incumprimento deriven alteracións nos datos de emisións.

4.º Incumprir as normas reguladoras dos informes anuais verificados, sempre que implique alteración dos datos de emisións.

4. Son infraccións administrativas leves:

1.º Incumprir as condicións de seguimento das emisións establecidas na autorización cando do dito incumprimento non deriven alteracións nos datos de emisións.

2.º Incumprir as normas reguladoras dos informes anuais verificados, sempre que non implique alteración dos datos de emisións.

3.º Incumprir calquera outra obriga establecida nesta lei cando tal cousa non fose tipificada como infracción administrativa moi grave ou grave nos números precedentes.»

Dezasete. Introdúcese un novo artigo 29 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 29 bis. *Tipificación das infraccións para a aviación.*

1. Para os efectos desta lei, as infraccións administrativas en materia de aviación clasifícanse en graves, moi graves e leves.

2. Son infraccións administrativas moi graves as seguintes:

1.º Non presentar o informe anual verificado exixido no artigo 22.

2.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida nos artigos 38 e 41.

3.º Incumprir a obriga de entregar dereitos exixida no artigo 27.2.

4.º Non achegar a información necesaria para o procedemento de verificación.

5.º Incumprir a obriga de presentar o plan de seguimento de emisións.

3. Son infraccións administrativas graves:

1.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida no artigo 36.

2.º Incumprir as condicións de seguimento das emisións establecidas no plan de seguimento cando do dito incumprimento deriven alteracións nos datos de emisións.

3.º Incumprir as normas reguladoras dos informes anuais verificados, sempre que implique alteración dos datos de emisións.

4. Son infraccións administrativas leves:

1.º Incumprir as condicións de seguimento das emisións establecidas no plan de seguimento cando do dito incumprimento non deriven alteracións nos datos de emisións.

2.º Incumprir as normas reguladoras dos informes anuais verificados, sempre que non implique alteración dos datos de emisións.

3.º Incumprir calquera outra obriga establecida nesta lei cando tal cousa non fose tipificada como infracción administrativa moi grave ou grave nos números precedentes.»

Dezaioito. O artigo 30 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 30. *Sancións.*

1. As infraccións tipificadas nos números 2, 3 e 4 do artigo 29 darán lugar á imposición de todas ou algunha das seguintes sancións para instalacións fixas:

a) No caso de infracción moi grave:

1.º Multa desde 50.001 ata dous millóns de euros.

2.º Clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período máximo de dous anos.

3.º Extinción da autorización ou suspensión desta por un período mínimo dun ano e máximo de dous.

4.º Nos supostos previstos no artigo 29.2.5.º, multa de 100 euros por cada tonelada emitida en exceso e a publicación, a través dos medios que a autoridade competente considere oportunos, das sancións impostas unha vez que estas adquirisen firmeza, así como os nomes, apelidos ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables e a índole das infraccións.



- b) No caso de infracción grave:
  - 1.º Multa desde 10.001 ata 50.000 euros.
  - 2.º Suspensión da autorización por un período máximo dun ano.

- c) En caso de infracción leve: multa de ata 10.000 euros.

2. As infraccións tipificadas nos números 2, 3 e 4 do artigo 29 bis darán lugar á imposición de todas ou algunha das seguintes sancións para os operadores aéreos:

- a) No caso de infracción moi grave:

- 1.º Multa desde 50.001 ata dous millóns de euros.
- 2.º Nos supostos previstos no artigo 29.2.3.º, multa de 100 euros por cada tonelada emitida en exceso e a publicación, a través dos medios que a autoridade competente considere oportunos, das sancións impostas unha vez que estas adquirisen firmeza, así como os nomes, apelidos ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables e a índole das infraccións.

- b) No caso de infracción grave: multa desde 10.001 ata 50.000 euros.

- c) En caso de infracción leve: multa de ata 10.000 euros.

3. O pagamento da multa referida nos números 1.a).4.º e 2.a).2.º non eximirá o titular de instalación ou operador aéreo de entregar unha cantidade de dereitos de emisión equivalente á das emisións en exceso, no momento de entregar os dereitos de emisión correspondentes ao ano natural seguinte ao de comisión da infracción.

A sanción por exceso de emisións en relación con dereitos de emisión expedidos a partir do 1 de xaneiro de 2013 aumentará de acordo co índice de prezos ao consumo europeo.»

Dezanove. O artigo 31 substitúese polo seguinte artigo:

«Artigo 31. *Prohibición de explotación a operadores aéreos.*

1. En caso de que un operador aéreo cuxa xestión corresponda a España non cumpra os requisitos desta lei e que outras medidas coercitivas non lograsen garantir o seu cumprimento, a Administración xeral do Estado, tras a consulta da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, poderá solicitar á Comisión Europea que decida prohibirlle a explotación ao operador aéreo afectado. Para estes efectos, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá instar a adopción desta medida.

2. Os operadores aéreos afectados por unha decisión da Comisión Europea que imponha unha prohibición de explotación non poderán operar no territorio español.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea velará pola aplicación desta medida, de conformidade co previsto na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

3. Informarase a Comisión Europea e, igualmente, a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático das medidas adoptadas por España para aplicar as decisións de prohibición de explotación que se adoptasen.»

Vinte. O artigo 34 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 34. *Medidas de carácter provisorio.*

Cando se iniciase un procedemento sancionador por infracción moi grave ou grave, e se fose necesario para asegurar a eficacia da resolución, o órgano competente para sancionar poderá acordar algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais para instalacións fixas:

- a) Clausura temporal, parcial ou total, das instalacións, unicamente cando se trate de procedementos incoados por infraccións moi graves, e tendo en conta o disposto no artigo 32.4.
- b) Precintaxe de aparellos ou equipamentos.
- c) Suspensión temporal da autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- d) Suspensión do acceso ao mercado de dereitos de emisión.

A medida provisoria prevista na alínea d) poderase acordar tamén para operadores aéreos cando se iniciase un procedemento sancionador por infracción moi grave ou grave.»

Vinte e un. O artigo 35 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 35. *Potestade sancionadora.*

1. No que respecta ás instalacións fixas, corresponde ás comunidades autónomas o exercicio da potestade sancionadora, a excepción da infracción prevista no artigo 29.2.4.º A sanción correspondente a este suposto será imposta polo Consello de Ministros.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño exercerá a potestade sancionadora sobre os operadores aéreos, logo de informe da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.»

Vinte e dous. Introdúcese un novo capítulo IX, sobre «Aviación», coa seguinte redacción:

## «CAPÍTULO IX

### **Aviación**

Artigo 36. *Plans de seguimento.*

1. Os operadores aéreos deberán contar cun plan de seguimento no que se establezan medidas para realizar o seguimento e a notificación dos seus datos de emisións anuais e toneladas-quilómetro transportadas.

2. Polo menos catro meses antes do comezo do primeiro período de notificación, os operadores aéreos deberán presentar ante o Ministerio de Fomento plans de seguimento en que se establezan as medidas para realizar o seguimento e a notificación dos seus datos de emisións e toneladas-quilómetro transportadas.

O período de seguimento en relación cos datos de toneladas-quilómetro limitarase ao ano natural que finalice 24 meses antes do comezo de cada período de comercio.

Os operadores aéreos a que se refire o anexo I que non sexan titulares dunha licenza de explotación válida concedida polo Ministerio de Fomento e que comecen a desenvolver unha actividade de aviación das recollidas no anexo I despois do 1 de xaneiro de 2009 terán que presentar os plans para o seguimento das súas emisións, como moi tarde, 2 meses a partir da data en que fosen incluídos na listaxe a que se fai referencia no número 6 do anexo I.

3. Corresponderalle ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, tras informe previo do Ministerio de Fomento, aprobar, conforme os criterios establecidos na normativa comunitaria e nos desenvolvementos regulamentarios desta lei que, se é o caso, se adopten, os plans de seguimento sobre os datos de emisións e toneladas-quilómetro transportadas presentados polos operadores aéreos antes do comezo do período de notificación. O informe do Ministerio de Fomento deberá ser emitido no prazo máximo de dous meses desde a presentación do plan. A Secretaría de Estado de Cambio Climático informará á Comisión de

Coordinación de Políticas de Cambio Climático dos plans de seguimento aprobados.

4. O operador aéreo deberá revisar o plan de seguimento das emisións antes do comezo de cada período de comercio e presentar un plan de seguimento revisado se procede.

En todo caso, deberase realizar unha revisión dos plans de seguimento das emisións aprobados de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras, antes do comezo do período de comercio que empeza o 1 de xaneiro de 2013.

5. Os plans de seguimento de emisións quedarán extinguidos nos supostos seguintes:

- a) Quebra ou desaparición do operador aéreo.
- b) Perda definitiva dos certificados ou licenzas exixibles para operar.

Artigo 37. *Cantidade total de dereitos para o sector da aviación.*

Os dereitos de emisión de cada período de comercio asignaranse aos operadores de aeronaves de acordo co previsto nos artigos seguintes. A cantidade de dereitos de emisión para o sector da aviación que se expida para o período de comercio que comeza o 1 de xaneiro de 2013 e períodos subseguintes, para a Comunidade Europea no seu conxunto, será a determinada pola Comisión Europea de acordo coa normativa comunitaria.

Artigo 38. *Asignación de dereitos de emisión aos operadores aéreos.*

1. Para cada un dos períodos de comercio definidos no artigo 19 bis, cada operador aéreo poderá solicitar a asignación de dereitos de emisión gratuítos.

2. Esa solicitude presentarase ante o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño 22 meses antes do comezo do período de comercio. A solicitude consistirá nos datos de toneladas-quilómetro verificados en relación coas actividades de aviación enumeradas no anexo I realizadas por ese operador aéreo no ano de seguimento para a asignación dun período de comercio.

Para os efectos do parágrafo anterior, o ano de seguimento para a asignación dun período de comercio será o ano natural que finalice 24 meses antes do comezo do período de comercio.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño remitirá as solicitudes de asignación recibidas ao Ministerio de Fomento, que poderá emitir informe sobre as ditas solicitudes nun prazo de 1 mes contado desde a recepción da solicitude.

3. Polo menos 18 meses antes do comezo de cada período de comercio, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño remitirá á Comisión Europea as solicitudes de asignación recibidas acompañadas do informe que, se é o caso, emitise o Ministerio de Fomento.

4. A asignación aos operadores aéreos basearase nos parámetros que, de conformidade coa normativa comunitaria, debe determinar a Comisión Europea polo menos quince meses antes do comezo de cada período de comercio. Eses parámetros son:

- a) A cantidade total de dereitos de emisión que se asignarán para ese período de comercio.
- b) O número de dereitos de emisión que se deban poxar nese período de comercio.

c) O número de dereitos de emisión da reserva especial para os operadores aéreos nese período de comercio.

d) O número de dereitos de emisión que se deban asignar gratuitamente nese período de comercio restando o número de dereitos de emisión considerados nas alíneas b) e c) da cantidade total de dereitos de emisión sobre os que se tomase a decisión a que se refire a alínea a), e

e) O valor de referencia que se utilizará para asignar gratuitamente os dereitos de emisión aos operadores aéreos que presentasen solicitude de asignación conforme o número 2.

5. A asignación de dereitos de emisión adoptarase mediante acordo do Consello de Ministros, realizado o trámite de información pública, logo de consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, e por proposta dos ministerios de Economía e Facenda, de Fomento e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. O dito acordo deberase adoptar e publicar no prazo de 3 meses a partir da data de adopción da decisión da Comisión a que se refire o número 4.

6. O acordo de Consello de Ministros relativo á asignación de dereitos de emisión determinará:

a) O total de dereitos asignados para o período de comercio en cuestión a cada operador aéreo que solicitase asignación, que se determinará multiplicando as toneladas-quilómetro verificadas que figuren na súa solicitude polo valor de referencia indicado na alínea e) do número terceiro.

b) Os dereitos de emisión asignados a cada operador aéreo para cada ano, que se determinarán dividindo o total dos dereitos de emisión asignados para o período de comercio en cuestión, calculado de conformidade coa alínea a), entre o número de anos do período en que ese operador aéreo estea realizando unha actividade de aviación enumerada no anexo I.

Transcorrido o prazo de tres meses sen que se teña notificado resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

No que respecta aos operadores que realizasen unha actividade de aviación recollida no anexo I antes ou durante o ano de seguimento para a asignación dun período de comercio, o acordo publicarase no prazo de tres meses desde a adopción, pola Comisión, da decisión a que se refire o número 4.

7. O acordo de asignación será comunicado, no prazo de 10 días desde o seu adopción, ao órgano competente en materia de rexistro.

8. As resolucións sobre a asignación individualizada de dereitos de emisión aos operadores aéreos serán accesibles ao público, nos termos e coas limitacións previstas nas normas reguladoras do dereito de acceso á información en materia de ambiente.

## Artigo 39. *Poxa.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2013, poxarase o 15% da cantidade total de dereitos de emisión para o sector da aviación a escala comunitaria.

2. Corresponde á Secretaría de Estado de Cambio Climático a organización das poxas, así como velar por que a súa aplicación se leve a cabo de acordo co que establece a normativa comunitaria e, se é o caso, coa normativa de desenvolvemento desta lei.

## Artigo 40. *Reserva especial para determinados operadores aéreos.*

O tres por cento da cantidade de dereitos de emisión que se deban asignar aos operadores aéreos a escala comunitaria para os períodos de comercio establecidos no artigo 19 bis destinarase a unha reserva especial para os operadores aéreos:

a) Que comecen a desenvolver unha actividade de aviación das consideradas no anexo I unha vez transcorrido o ano de seguimento para a asignación dun período de comercio.

b) Cuxos datos sobre toneladas-quilómetro aumenten por termo medio máis dun 18% anual entre o ano de seguimento para a asignación dun período de comercio e o segundo ano natural do dito período de comercio.

As actividades descritas nos números anteriores non representarán na súa totalidade ou en parte unha continuación dunha actividade de aviación realizada previamente por outro operador aéreo.

A xestión da reserva especial realizarase de acordo coa normativa comunitaria e, se é o caso, na normativa de desenvolvemento desta lei.

*Artigo 41. Solicitud de asignación á reserva especial para determinados operadores aéreos.*

1. Poderán solicitar asignación gratuita de dereitos de emisión da reserva especial os operadores aéreos que cumpran os criterios establecidos no artigo anterior. As solicitudes de asignación presentaranse ante o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 30 de xuño do terceiro ano do período de comercio ao que se refira a solicitude en cuestión, e deberán:

a) Facilitar datos sobre toneladas-quilómetro, verificados conforme os anexos III e IV, en relación coas actividades de aviación enumeradas no anexo I realizadas polo operador aéreo no transcurso do segundo ano do período de comercio a que se refiran as solicitudes,

b) Achegar probas de que se cumpren os criterios para a obtención de dereitos de emisión conforme o artigo 40, e

c) No caso dos operadores aéreos a que se refire a alínea b) do artigo 40, declarar:

1.º O incremento porcentual en toneladas-quilómetro realizado polo operador aéreo entre o ano de seguimento para a asignación nun período de comercio considerado no artigo 19 bis, número 2, e o segundo ano natural do dito período,

2.º O crecemento absoluto en toneladas-quilómetro realizado polo operador aéreo entre o ano de seguimento para a asignación nun período de comercio recollido no artigo 19 bis, número 2, e o segundo ano natural do dito período, e

3.º O crecemento absoluto en toneladas-quilómetro que exceda a porcentaxe indicada na alínea b) do artigo 40, realizado polo operador aéreo entre o ano de seguimento para a asignación nun período de comercio considerado no artigo 19 bis, número 2, e o segundo ano natural do dito período.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño remitirá as solicitudes de asignación recibidas ao Ministerio de Fomento, que deberá emitir informe sobre o cumprimento, por parte dos operadores, dos criterios para solicitar asignación da reserva especial nun prazo de 3 meses contados desde a recepción da solicitude.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 31 de decembro do terceiro ano do período de comercio en cuestión, remitiralle á Comisión Europea as solicitudes de asignación da reserva especial recibidas, xunto co informe relativo ao cumprimento dos criterios do artigo 40.

*Artigo 42. Acordo de asignación de dereitos desde a reserva especial.*

1. A resolución da asignación de dereitos de emisión da reserva especial adoptarse por acordo do Consello de Ministros, realizado o trámite de información pública, tras a consulta á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, e por proposta dos ministerios de Economía e Facenda, de Fomento e de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

2. O acordo do Consello de Ministros relativo á asignación de dereitos de emisión determinará:



a) A asignación de dereitos de emisión da reserva especial a todo operador aéreo cuxa solicitude fose presentada á Comisión conforme o número 2 do artigo 41, que se calculará multiplicando o valor de referencia que estableza a Comisión, antes do 30 de xuño do cuarto ano do período de comercio en cuestión, por:

1.º no caso dos operadores aéreos a que sexa aplicable a alínea a) do artigo 40, as toneladas-quilómetro incluídas nas solicitudes presentadas á Comisión conforme o artigo 41,

2.º no caso dos operadores aéreos a que sexa aplicable a alínea b) do artigo 40, o crecemento absoluto en toneladas-quilómetro que exceda o 18% e que se indicase nas solicitudes presentadas á Comisión conforme o artigo 41, e

b) A asignación de dereitos de emisión a cada operador aéreo para cada ano, que se calculará dividindo a súa asignación de dereitos de emisión conforme a alínea a) entre o número de anos naturais completos restantes do período de comercio a que corresponda a asignación.

3. No que respecta aos operadores que reciban asignación da reserva especial, o acordo adoptarse e publicarse nun prazo máximo de 3 meses tras a data de adopción do valor de referencia establecido na alínea a) do número anterior.

4. As asignacións a un operador aéreo en virtude da alínea b) do artigo 4 non excederán 1.000.000 de dereitos de emisión.

5. Os dereitos de emisión da reserva especial que non fosen asignados poxaranse conforme o disposto no artigo 39.»

Vinte e tres. A alínea b) do número 1 da disposición adicional segunda queda redactada nos seguintes termos:

«b) Propor ao Consello de Ministros o recoñecemento de unidades de redución de emisións ou reducións certificadas de emisións como dereitos de emisión válidos para efectos de cumprir coa obriga de entrega previstas no artigo 27.»

Vinte e catro. A disposición adicional cuarta pasa a referirse á «Exclusión de instalacións de pequeno tamaño» e queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Exclusión de instalacións de pequeno tamaño.*

1. O órgano autonómico competente poderá acordar, logo de informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a exclusión a partir do 1 de xaneiro de 2013 das instalacións situadas no territorio da súa comunidade autónoma que teñan a consideración de pequenos emisores ou sexan hospitais, cando os respectivos titulares das instalacións o soliciten e acrediten o cumprimento dos requisitos que se establecen neste número. Para os efectos do disposto nesta disposición adicional, serán pequenos emisores as instalacións que lle notificasen á autoridade competente emisións inferiores a 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, excluídas as emisións da biomasa, para cada un dos tres anos precedentes á solicitude de asignación a que se refire o artigo 19, e que, cando realicen actividades de combustión, teñan unha potencia térmica nominal inferior a 35 MW.

A solicitude de exclusión deberáselle presentar ao órgano competente que designe a comunidade autónoma 22 meses antes do comezo do período de comercio de que se trate. Virá acompañada de documentación xustificativa que acredite o cumprimento das seguintes condicións:

a) Que se aplicarán medidas de mitigación que conduzan a unha contribución á redución de emisións equivalente á prevista pola participación no réxime de comercio de dereitos de emisión.

O Goberno determinará mediante real decreto qué medidas de mitigación se consideran equivalentes para os efectos do parágrafo anterior.

b) Que se implantará un sistema de seguimento e notificación de información sobre emisións equivalentes ás previstas nesta lei.

A este respecto, o órgano autonómico competente poderá autorizar medidas simplificadas de seguimento, verificación e notificación para as instalacións cuxas emisións medias anuais verificadas entre 2008 e 2010 sexan inferiores a 5.000 toneladas anuais.

Así mesmo, poderalles autorizar ás instalacións non incluídas no réxime comunitario durante o período 2008-2012 requisitos simplificados para o seguimento, a notificación e a verificación co fin de determinar as emisións nos tres anos precedentes á solicitude de asignación a que se refire o artigo 19.

2. O órgano competente, logo de trámite de información pública non inferior a tres meses, remitirá o expediente completo ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, como moi tarde 16 meses antes do comezo do período de comercio de que se trate, para a súa tramitación á Comisión Europea para efectos do disposto polo artigo 27 da Directiva 2003/87/CE.

Se nun prazo de seis meses desde a notificación á Comisión Europea esta non formula obxeccións, a exclusión considerarase adoptada.

3. As instalacións excluídas quedarán sometidas ao réxime de infraccións e sancións previsto no capítulo VIII, en canto afecte o cumprimento das obrigas de seguimento e subministración da información sobre emisións.

Así mesmo, o incumprimento do compromiso de limitación de emisións a que se refire o número 1.a) desta disposición adicional entenderase equivalente á infracción tipificada no artigo 29.2.5.<sup>a</sup>

4. O establecido nesta disposición adicional non exige os titulares das instalacións do cumprimento das obrigas establecidas nesta lei ata que se formalice a exclusión unha vez obtido o conforme da Comisión Europea.

Neste caso, entenderase extinguida a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro con data correspondente ao primeiro día do período de comercio en que vai estar excluída. A instalación excluída non recibirá dereitos de emisión mentres permaneza nesa situación.

5. Se unha instalación excluída, cando non se trate dun hospital, emitir 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, sen contabilizar as emisións da biomasa, no transcurso dun mesmo ano civil ou, sexa cal sexa a tipoloxía da instalación, xa non se aplicaren a esa instalación medidas que permitan conseguir unha contribución equivalente á redución de emisións, a instalación introducirase de novo no réxime.

As instalacións que se reintroduzan no réxime de comercio de dereitos de emisión permanecerán neste ata a finalización do período de comercio en curso. De conformidade coas regras de asignación gratuíta transitoria que debe adoptar a Comisión Europea, a instalación poderá solicitar asignación. Todos os dereitos que se lle expidan concederanse a partir do ano da reintrodución. Os dereitos expedidos a estas instalacións deduciranse da cantidade que vaia ser poxada.»

Vinte e cinco. A disposición adicional quinta pasa a referirse a «Proxectos domésticos» e queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional quinta. *Redución de gases de efecto invernadoiro procedentes de actividades non suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión.*

1. Articularase un mecanismo para a expedición de dereitos de emisión ou créditos en relación con proxectos situados no territorio nacional para reducir emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes de actividades que non están suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión. Regulamentariamente, e

logo de consulta da Comisión de Coordinación de Políticas sobre o Cambio Climático, estableceranse os termos concretos deste mecanismo, que se axustará á normativa comunitaria sobre esta materia, e que se aplicará sen prexuízo doutras medidas estratéxicas para reducir emisións procedentes das ditas actividades consideradas na normativa vixente.

2. En ningún caso se permitirá a expedición de dereitos de emisión ou créditos que supoñan un dobre cómputo de reducións de emisións.

3. Igualmente, poderanse articular outros sistemas de comercio de emisións á marxe do réxime comunitario, co fin de favorecer unha redución de gases de efecto invernadoiro nas actividades non suxeitas a este.»

Vinte e seis. Introdúcese unha nova disposición adicional sexta sobre a compensación de custos indirectos coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Compensación de custos indirectos.*

1. O Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Economía e Facenda e de Industria, Turismo e Comercio, poderá establecer a creación dun mecanismo de compensación dos custos indirectos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidas nos prezos da electricidade do que se poderán beneficiar as instalacións pertencentes a sectores expostos a un risco significativo de fugas de carbono.

2. A contía das compensacións non será superior, para cada instalación, aos custos polas emisións de CO<sub>2</sub> que trasladaron os xeradores de electricidade e manterá o incentivo para que se reduza o consumo de electricidade na instalación, garantindo a compensación polos consumos eficientes. A compensación dos custos quedará condicionada ao cumprimento das normas comunitarias sobre axudas de Estado aplicables.

3. Se é o caso, e na medida en que a normativa comunitaria aplicable o permita, en particular a referida a axudas de Estado, serán susceptibles de se beneficiar do dito mecanismo tanto instalacións incluídas no ámbito de aplicación desta lei como aquelas que, aínda non estando, se poidan ver afectadas polos custos indirectos a que se refire o número 1.»

Vinte e sete. Introdúcese unha nova disposición adicional sétima sobre «Prácticas contrarias á libre competencia», coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Prácticas contrarias á libre competencia.*

A Secretaría de Estado de Cambio Climático notificaralle á Comisión Nacional da Competencia, se é o caso, calquera feito de que teña coñecemento en relación coa organización das poxas que poida constituír infracción á lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicará calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva ou práctica concertada ou conscientemente paralela que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de poxa.»

Vinte e oito. Introdúcese unha nova disposición transitoria oitava, sobre «Actividades incluídas a partir de 2013», coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria oitava. *Actividades incluídas a partir de 2013.*

1. A autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro será exigible a partir do 1 de xaneiro de 2013 ás instalacións que desenvolven actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei soamente a partir de 2013. Os titulares das ditas instalacións deberán presentar a solicitude de autorización ante o órgano competente da comunidade autónoma antes do 31 de decembro de 2010. Esa solicitude cumprirá os requisitos establecidos no artigo 5 e incluírá unha proposta de plan de seguimento

que cumpra os requisitos exixidos pola normativa comunitaria e nacional vixentes en cada momento.»

Vinte e nove. Introdúcese unha nova disposición transitoria novena, sobre «Período de comercio 2012 para o sector da aviación», coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria novena. *Período de comercio 2012 para o sector da aviación.*

O primeiro período de comercio para o sector da aviación será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.»

Trinta. Introdúcese unha nova disposición transitoria décima, sobre «Cantidade total de dereitos para o sector da aviación no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012», coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décima. *Cantidade total de dereitos para o sector da aviación no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.*

Para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012, a cantidade total de dereitos de emisión que se asignará aos operadores aéreos na Comunidade corresponderá ao 97% das emisións históricas do sector da aviación.»

Trinta e un. Introdúcese unha nova disposición transitoria décimo primeira, sobre «Porcentaxe de dereitos asignados mediante poxa no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012», coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo primeira. *Porcentaxe de dereitos asignados mediante poxa no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.*

Para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012, poxarase o 15% da cantidade de dereitos de emisión para o sector da aviación que corresponda asignar nese período de conformidade coa disposición transitoria 10.»

Trinta e dous. Introdúcese unha nova disposición transitoria décimo segunda, sobre «Asignación de dereitos de emisión aos operadores aéreos no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012», coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo segunda. *Asignación de dereitos de emisión aos operadores aéreos no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.*

A solicitude de asignación que se presente de conformidade co artigo 38 en relación co período 2013-2020 entenderase tamén feita en relación co período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.»

Trinta e tres. Introdúcese unha nova disposición transitoria décimo terceira, sobre «Obrigas de seguimento e notificación previas ao 1 de xaneiro de 2012», coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo terceira. *Obrigas de seguimento e notificación previas ao 1 de xaneiro de 2012.*

Os operadores aéreos deberán realizar o seguimento das súas emisións e dos seus datos de toneladas-quilómetro, de conformidade co establecido na Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a

reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras, a normativa comunitaria e, se é o caso, o desenvolvemento regulamentario desta lei.

As obrigas establecidas no segundo parágrafo do número 1 do artigo 22 serán de aplicación a partir do ano 2011. Por conseguinte, o primeiro informe de emisións verificado que se deberá presentar será o relativo ás emisións do ano 2010. Os datos de tonelada-quilómetro verificados para efectos de solicitude de asignación para os períodos 2012 e 2013-2020 deberán presentar antes do 28 de febreiro de 2011.»

Trinta e catro. Introdúcese unha nova disposición transitoria décimo cuarta, sobre «Límite de uso de reducións certificadas de emisións ou unidades de redución de emisións no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012», coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo cuarta. *Límite de uso de reducións certificadas de emisións ou unidades de redución de emisións no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.*

Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012 os operadores aéreos poderán utilizar reducións certificadas de emisións ou unidades de redución de emisións ata o 15% das emisións verificadas correspondentes ao ano natural anterior.»

Trinta e cinco. Engádese un novo número 2 na disposición derradeira terceira, sobre «Desenvolvemento regulamentario», coa seguinte redacción:

«O Goberno, mediante real decreto, poderá modificar o anexo I desta lei para establecer a exclusión de determinados voos das actividades de aviación en caso de que a Comisión Europea adopte, por procedemento de comitología, modificacións das actividades de aviación enumeradas no anexo I da Directiva 2008/101/CE para excluír os voos procedentes dun país terceiro que adoptase medidas para reducir o impacto no cambio climático dos voos procedentes do dito país que aterren na Comunidade.»

Trinta e seis. Engádese un novo número 3 na disposición derradeira terceira, sobre «Desenvolvemento regulamentario», coa seguinte redacción:

«Dentro dos consecuentes desenvolvementos normativos da lei, incluírase a elaboración dun regulamento de funcionamento da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.»

Trinta e sete. Introdúcese unha nova disposición derradeira terceira bis, sobre «Incorporación do dereito comunitario», coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira bis. *Incorporación do dereito comunitario.*

Esta lei incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade, modificada polas directivas 2008/101/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, e a Directiva 2009/29/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009.»

Trinta e oito. Introdúcese unha nova disposición derradeira quinta, sobre «Suxeitos afectados polas distintas disposicións desta lei», coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira quinta. *Suxeitos afectados polas distintas disposicións da lei.*

Os suxeitos afectados por cada unha das disposicións desta lei especifícanse, con fins aclaratorios, no cadro contido no anexo V.»

Trinta e nove. O anexo I, relativo a «Categorías de actividades e gases incluídos no ámbito de aplicación», queda redactado nos seguintes termos:

#### «ANEXO I

##### **Categorías de actividades e gases incluídos no ámbito de aplicación**

1. Non están incluídas as instalacións ou partes de instalacións cuxa dedicación principal sexa a investigación, desenvolvemento e experimentación de novos produtos e procesos, nin as instalacións que queimen exclusivamente biomasa.

2. Os valores limiar que figuran máis adiante refírense en xeral á capacidade de produción ou ao rendemento. Se varias actividades encadradas na mesma categoría se realizan na mesma instalación, sumaranse as capacidades das ditas actividades para determinar se a instalación está incluída no ámbito de aplicación ou non.

3. Cando se calcule a potencia térmica nominal total dunha instalación para decidir sobre a súa inclusión no ámbito de aplicación desta lei, sumaranse as potencias térmicas nominais de todas as unidades técnicas que formen parte destas que se utilicen combustibles dentro da instalación. Estas unidades poden incluír todo tipo de caldeiras, queimadores, turbinas, quentadores, fornos, incineradores, calcinadores, cocedores, estufas, secadoras, motores, pilas de combustible, unidades de combustión con transportadores de oxíxeno (chemical looping), fachos e unidades de poscombustión térmicas ou catalíticas. Para estes efectos, consideraranse todas as unidades técnicas que se sitúen na mesma localización e teñan a mesma titularidade, con independencia de que se encontren cubertas por unha ou varias autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro. As unidades cunha potencia térmica nominal inferior a 3 MW e as que utilicen exclusivamente biomasa non se terán en conta para efectos deste cálculo. As «unidades que utilizan exclusivamente biomasa» inclúen as que empregan combustibles fósiles unicamente durante o arranque ou a parada da unidade.

4. Se unha unidade se destina a unha actividade para a cal o limiar non se expresa en potencia térmica nominal total, o limiar desta actividade será determinante para efectos da decisión sobre a integración no ámbito de aplicación da lei.

5. Cando se detecte que nunha instalación se supera o limiar de capacidade para calquera das actividades a que se refire este anexo, incluíranse na autorización de emisións de gases de efecto invernadoiro todas as unidades en que se utilicen combustibles e que non sexan unidades de incineración de residuos perigosos ou de residuos urbanos.

6. Os operadores aéreos incluídos no ámbito de aplicación desta lei serán aqueles que realicen as actividades de aviación descritas no cadro que figura máis adiante e que sexan titulares dunha licenza de explotación válida, concedida polo Ministerio de Fomento de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 1008/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro de 2008, sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade, así como aqueles, tanto nacionais como estranxeiros, que non sexan titulares dunha licenza de explotación válida concedida por un Estado membro da Unión Europea, e cuxas emisións de dióxido de carbono no ano de referencia sexan maioritariamente atribuíbles a España, tomando en consideración a «Lista de operador de aeronaves e Estados membros responsables da xestión que lles corresponden» realizada e publicada pola Comisión, segundo os criterios considerados na Directiva 2008/101/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE, co fin de incluír as actividades de aviación no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

7. Malia o disposto no número 6, cando, no transcurso dos dous primeiros anos dun período de comercio, ningunha das emisións da aviación atribuídas procedentes dos voos operados por un operador de aeronaves incluído no ámbito de aplicación desta lei estea atribuída a España, o operador aéreo deberá ser



transferido a outro Estado membro responsable da xestión en relación co próximo período de comercio.

O novo Estado membro responsable da xestión será o Estado membro para o cal se calculasen as emisións da aviación atribuídas máis elevadas, procedentes dos voos operados polo dito operador aéreo durante os dous primeiros anos do período de comercio anterior.

Actividades	Gases de efecto invernadoiro
1. Combustión en instalacións cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW, incluíndo: a) A produción de enerxía eléctrica de servizo público. b) A coxeración que dá servizo en sectores non enumerados nos números 2 a 28. c) A combustión noutras instalacións cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW non incluídas nos números 2 a 28. Quedan excluídas as instalacións de incineración de residuos perigosos ou de residuos urbanos.	Dióxido de carbono.
2. Refinaría de petróleo.	Dióxido de carbono.
3. Producción de coque.	Dióxido de carbono.
4. Calcinación ou sinterización, incluída a peletización, de minerais metálicos, incluído o mineral sulfurado.	Dióxido de carbono.
5. Producción de arrabio ou de aceiro (fusión primaria ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de coada continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.	Dióxido de carbono.
6. Producción e transformación de metais férreos (como ferroalixaxes) cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW. A transformación inclúe, entre outros elementos, laminadores, requentadores, fornos de recocido, forxas, fundición e unidades de recubrimento e decapado.	Dióxido de carbono.
7. Producción de aluminio primario.	Dióxido de carbono e perfluorocarburos.
8. Producción de aluminio secundario cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW.	Dióxido de carbono.
9. Producción e transformación de metais non férreos, incluída a produción de aliaxes, a refinación, o moldeado en fundición, etc., cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total (incluídos os combustibles utilizados como axentes reductores) superior a 20 MW.	Dióxido de carbono.
10. Fabricación de cemento sen pulverizar (clinker) en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.	Dióxido de carbono.
11. Producción de cal ou calcinación de dolomita ou magnesita en fornos rotatorios ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.	Dióxido de carbono.
12. Fabricación de vidro incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	Dióxido de carbono.
13. Fabricación de produtos cerámicos mediante enforado, en particular de tellas, ladrillos refractarios, azulexos, gres cerámico ou porcelanas, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día.	Dióxido de carbono.
14. Fabricación de material illante de la mineral utilizando cristal, rocha ou escoura, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	Dióxido de carbono.
15. Secado ou calcinación de xeso ou produción de placas de xeso laminado e outros produtos de xeso, cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW.	Dióxido de carbono.
16. Fabricación de pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.	Dióxido de carbono.
17. Papel ou cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.	Dióxido de carbono.
18. Producción de negro de fume, incluída a carbonización de substancias orgánicas como aceites, alcatróns e residuos de craqueo e destilación, cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW.	Dióxido de carbono.
19. Producción de ácido nítrico.	Dióxido de carbono e óxido nítrico.
20. Producción de ácido adípico.	Dióxido de carbono e óxido nítrico.
21. Producción de ácido de glioxal e ácido glioxílico.	Dióxido de carbono e óxido nítrico.

Actividades	Gases de efecto invernadoiro
22. Producción de amoníaco.	Dióxido de carbono.
23. Fabricación de produtos químicos orgánicos en bruto mediante craqueo, reforma, oxidación parcial ou total, ou mediante procesos similares, cunha capacidade de produción superior a 100 toneladas por día.	Dióxido de carbono.
24. Producción de hidróxeno (H <sub>2</sub> ) e gas de síntese mediante reforma ou oxidación parcial, cunha capacidade de produción superior a 25 toneladas por día.	Dióxido de carbono.
25. Producción de carbonato sódico (Na <sub>2</sub> CO <sub>3</sub> ) e bicarbonato de sodio (NaHCO <sub>3</sub> ).	Dióxido de carbono.
26. Captura de gases de efecto invernadoiro das instalacións cubertas por esta directiva con fins de transporte e almacenamento xeolóxico nun punto de almacenamento autorizado de conformidade coa Directiva 2009/31/CE.	Dióxido de carbono.
27. Transporte de gases de efecto invernadoiro a través de gasodutos con fins de almacenamento xeolóxico nun punto de almacenamento autorizado de conformidade coa Directiva 2009/31/CE.	Dióxido de carbono.
28. Almacenamento xeolóxico de gases de efecto invernadoiro nun punto de almacenamento autorizado de conformidade coa Directiva 2009/31/CE.	Dióxido de carbono.
29. Aviación: Voos con orixe ou destino nun aeródromo situado no territorio dun Estado membro ao que se aplica o Tratado ou un Estado do Espazo Económico Europeo. Esta actividade non incluírá:	Dióxido de carbono.
a) os voos efectuados exclusivamente para o transporte, en misión oficial, dun monarca reinante e dos seus familiares máis próximos, de xefes de Estado e de Goberno e ministros do Goberno, dun país que non sexa un Estado membro, sempre que tal circunstancia estea corroborada polo correspondente indicador de categoría no plan de voo;	
b) os voos militares efectuados por aeronaves militares e os voos das autoridades aduaneiras e a policía;	
c) os voos relacionados con actividades de busca e salvamento, os voos de loita contra incendios, os voos humanitarios e os voos de servizos médicos de urxencia, autorizados polo organismo competente adecuado;	
d) calquera voo efectuado de acordo coas normas de voo visual, definidas no anexo 2 do Convenio de Chicago;	
e) os voos que terminan no mesmo aeródromo de onde partiu a aeronave, sen que no intervalo se realizase aterraxe ningunha;	
f) os voos de adestramento efectuados exclusivamente para obter licenzas, ou de avaliación da tripulación de pilotaxe, sempre que tal circunstancia estea corroborada pola correspondente indicación no plan de voo, coa condición de que o voo non sirva para transporte de pasaxeiros ou carga, nin para o posicionamento ou traslado da aeronave;	
g) os voos efectuados exclusivamente para fins de investigación científica ou de ensaio, comprobación ou certificación de aeronaves ou equipos, tanto de voo como terrestres;	
h) os voos efectuados exclusivamente por aeronaves cunha masa máxima de engalaxe autorizada de menos de 5.700 kg;	
i) os voos efectuados no marco das obrigas de servizo público establecidas en virtude do Regulamento (CEE) n.º 2408/92 en rutas dentro das rexións ultraperiféricas, tal como se especifican no número 2 do artigo 299 do Tratado ou en rutas en que a capacidade ofrecida non supere os 30.000 asentos anuais; e	
j) os voos que, excepto por este punto, entrarían dentro desta actividade, efectuados por un operador de transporte aéreo comercial que realice: – menos de 243 voos por período durante tres períodos cuatrimestrais sucesivos, ou ben – voos cun total anual de emisións inferior a 10.000 toneladas ao ano.	
Os voos efectuados exclusivamente para o transporte, en misión oficial, dun monarca reinante e da súa familia inmediata, de xefes de Estado e de Goberno e ministros do Goberno dun Estado membro non poderán ser excluídos en virtude deste punto.»	

Corenta. Modifícase o punto 4 da parte A do anexo III, que queda redactada nos seguintes termos:

«4. Seguimento das emisións doutros gases de efecto invernadoiro.

Recorrerase aos métodos normalizados ou aceptados mediante a Decisión 2007/589/CE, do 18 de xullo de 2007, modificada, pola súa vez, pola Decisión 2009/73/CE da Comisión, do 17 de decembro de 2008, pola que se establecen directrices para o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro de conformidade coa Directiva 2003/87/CE.»

Corenta e un. O anexo III divídese en dúas partes: a parte A, denominada «Seguimento e notificación das emisións de instalacións fixas», co contido orixinal do anexo III, e introdúcese unha parte B denominada «Seguimento e notificación das emisións das actividades de aviación», coa seguinte redacción:

#### «PARTE B

##### **Seguimento e notificación das emisións das actividades de aviación**

1. Seguimento das emisións de dióxido de carbono.—As emisións seguiranse mediante cálculos. As emisións calcularanse utilizando a fórmula seguinte:

$$\text{Consumo de combustible} \times \text{factor de emisión}$$

O consumo de combustible incluírá o combustible empregado polo grupo auxiliar de enerxía. O consumo real de combustible para cada voo utilizarase sempre que sexa posible e calcularase utilizando a fórmula seguinte:

Cantidade de combustible que conteñen os tanques da aeronave unha vez finalizado o abastecemento de combustible – cantidade de combustible que conteñen os tanques da aeronave unha vez finalizado o abastecemento do combustible necesario para o voo seguinte + abastecemento de combustible para o dito voo seguinte

Se non se dispón de datos sobre o consumo real de combustible, utilizarase un método por niveis normalizado para calcular o consumo de combustible sobre a base da mellor información dispoñible.

Utilizaranse os factores de emisión por defecto que figuran nas Directrices 2006 do IPCC para os inventarios nacionais, ou actualizacións ulteriores destas directrices, a menos que os factores de emisión específicos dunha actividade, identificados por laboratorios independentes acreditados mediante métodos analíticos recoñecidos, sexan máis exactos. O factor de emisión da biomasa será cero.

Faranse cálculos separados para cada voo e cada combustible.

2. Notificación das emisións.—Todos os operadores aéreos incluírán a seguinte información no informe que deben presentar de conformidade co número 1 do artigo 22:

A. Os datos de identificación do operador aéreo, en particular:

- 1.º Nome do operador aéreo.
- 2.º Estado membro responsable da xestión.
- 3.º Enderezo, incluídos o código postal e o país e, se é diferente, enderezo de contacto no Estado membro responsable da xestión.
- 4.º Números de matrícula das aeronaves e os tipos de aeronaves utilizados no período cuberto polo informe para realizar as actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é operador.
- 5.º Número e organismo emisor do Certificado de Operador Aéreo e da licenza de explotación conforme os cales se realizasen as actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é operador.

6.º Enderezo, número de teléfono, fax e correo electrónico dunha persoa de contacto, e

7.º Nome do propietario da aeronave.

B. Para cada tipo de combustible cuxas emisións se calculan:

1.º Consumo de combustible.

2.º Factor de emisión.

3.º Total de emisións agregadas de todos os voos efectuados durante o período a que se refire o informe que correspondan ás actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é operador.

4.º Emisións agregadas de:

– todos os voos efectuados durante o período a que se refire o informe que correspondan ás actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é operador, e que, procedentes dun aeródromo situado no territorio dun Estado membro, teñan o seu destino nun aeródromo situado no territorio dese mesmo Estado membro;

– todos os demais voos efectuados durante o período a que se refire o informe que correspondan ás actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é operador.

5.º Emisións agregadas de todos os voos efectuados durante o período a que se refire o informe que correspondan ás actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é operador e que:

– teñan a súa orixe nun Estado membro, e

– teñan o seu destino nun Estado membro procedentes dun país terceiro.

6.º Incerteza.

3. Seguimento dos datos sobre toneladas-quilómetro para efectos das solicitudes de asignación aos operadores aéreos.–Para efectos das solicitudes de asignación de dereitos de emisión, de conformidade cos artigos 38 e 41, o volume de actividades de aviación calcularase en toneladas-quilómetro aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Toneladas-quilómetro} = \text{distancia} \times \text{carga útil}$$

sendo:

«Distancia»: a distancia ortodrómica entre o aeródromo de orixe e o aeródromo de destino, máis un factor fixo adicional de 95 km, e

«Carga útil»: a masa total de carga, correo e pasaxeiros transportados.

Para efectos de cálculo da carga útil:

– o número de pasaxeiros será o número de persoas a bordo, excluindo aos membros da tripulación.

– os operadores aéreos poderán optar entre aplicar a masa real ou estándar para pasaxeiros e equipaxe facturada que figura na súa documentación de masa e centrada para os voos pertinentes ou ben un valor por defecto de 100 kg para cada pasaxeiro e a súa equipaxe facturada.

4. Notificación dos datos sobre toneladas-quilómetro para efectos das solicitudes de asignación aos operadores aéreos.–Todos os operadores aéreos incluírán a seguinte información na súa solicitude de conformidade cos artigos 38 e 41:

A. Os datos de identificación do operador aéreo, en particular:

1.º Nome do operador aéreo.

- 2.º Estado membro responsable da súa xestión.
- 3.º Enderezo, incluídos o código postal e o país e, se é diferente, enderezo de contacto no Estado membro responsable da xestión.
- 4.º Números de matrícula das aeronaves e tipos de aeronaves utilizados durante o ano a que se refire a solicitude para realizar as actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é operador.
- 5.º Número e organismo emisor do certificado de operador aéreo e da licenza de explotación conforme os cales se realizasen as actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é operador.
- 6.º Enderezo, número de teléfono, fax e correo electrónico dunha persoa de contacto, e
- 7.º Nome do propietario da aeronave.

B. Datos sobre toneladas-quilómetro:

- 1.º Número de voos por par de aeródromos.
- 2.º Número de pasaxeiros-quilómetro por par de aeródromos.
- 3.º Número de toneladas-quilómetro por par de aeródromos.
- 4.º Método elixido para o cálculo da masa para pasaxeiros e equipaxe facturada.
- 5.º Número total de toneladas-quilómetro para todos os voos efectuados durante o ano a que se refire o informe que correspondan ás actividades de aviación enumeradas no anexo I das que é o operador aéreo.»

Corenta e dous. O anexo IV divídese en dúas partes: a parte A, denominada «Verificación das emisións das instalacións fixas», cuxo contido é o do anexo IV orixinal, e introdúcese unha parte B denominada «Verificación das emisións das actividades de aviación», coa seguinte redacción:

«PARTE B

**Verificación das emisións das actividades de aviación**

13. Os principios xerais e os métodos establecidos neste anexo aplicaranse á verificación dos informes das emisións procedentes dos voos que correspondan a unha actividade de aviación enumerada no anexo I.

Para estes efectos:

- a) no número 3, a referencia ao titular entenderase como referencia ao operador aéreo, e na alínea c) a referencia á instalación entenderase como referencia á aeronave utilizada para realizar as actividades de aviación a que se refire o informe;
- b) no número 5, a referencia á instalación entenderase como referencia ao operador aéreo;
- c) no número 6, a referencia ás actividades levadas a cabo na instalación entenderase como referencia ás actividades de aviación ás cales se refire o informe, realizadas polo operador aéreo;
- d) no número 7, a referencia á localización da instalación entenderase como referencia ás localizacións utilizadas polo operador aéreo para realizar as actividades de aviación ás que se refire o informe;
- e) nos números 8 e 9, as referencias ás fontes de emisións da instalación entenderanse como referencia á aeronave da que é responsable o operador, e
- f) nos números 10 e 12, as referencias ao titular entenderanse como referencias ao operador aéreo.

Disposicións adicionais relativas á verificación dos informes de emisións procedentes da aviación:

14. O verificador comprobará en particular que:

- a) se tiveron en conta todos os voos correspondentes a unha actividade de aviación enumerada no anexo I; nesta tarefa, o verificador servirase dos datos sobre os horarios e doutros datos sobre tráfico do operador aéreo, en particular os datos solicitados a Eurocontrol polo dito operador;
- b) os datos agregados sobre consumo de combustible e os datos sobre o combustible comprado ou subministrado doutro modo ás aeronaves que realizan a actividade de aviación son totalmente coherentes.

Disposicións adicionais relativas á verificación dos datos sobre toneladas-quilómetro presentados para efectos das solicitudes de asignación aos operadores aéreos:

15. Os principios xerais e os métodos aplicados para verificar os informes de emisións de conformidade co artigo 22, tal e como se establecen neste anexo, tamén se aplicarán, se é o caso, da mesma maneira á verificación dos datos sobre toneladas-quilómetro de aviación.

16. O verificador comprobará en particular que, na solicitude presentada polo operador de conformidade cos artigos 38 e 41, só se tiveron en conta os voos realmente efectuados e correspondentes a unha actividade de aviación enumerada no anexo I da que é responsable o operador aéreo. Nesta tarefa, o verificador servirase dos datos sobre tráfico do operador aéreo, incluídos os datos solicitados a Eurocontrol polo dito operador. Ademais, o verificador comprobará que a carga útil notificada polo operador aéreo corresponde á que figura no rexistro que leva o dito operador con fins de seguridade.»

Corenta e tres. Introdúcese un novo anexo V coa seguinte redacción:

#### «ANEXO V

##### Suxeitos afectados polas distintas disposicións da lei

Suxeitos afectados	Disposicións
Instalacións fixas.	Artigos 4 a 8, 14 a 19 e 29. Disposicións adicional primeira, cuarta e sexta. Disposición transitoria oitava. Disposición derradeira primeira.
Operadores aéreos.	Artigos 29 bis e 36 a 42. Disposicións transitorias de novena a décimo cuarta.
Instalacións fixas e operadores aéreos.	Artigos 1 a 3bis, 19bis a 28 e 30 a 35. Disposicións adicionais segunda, terceira, quinta e sétima. Disposicións derradeiras segunda a quinta. Anexos I a V.»

#### Disposición transitoria única.

1. A nova redacción que os números cinco e seis do artigo único desta lei introducen nos artigos 4 e 5, respectivamente, da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, non se aplicará ás autorizacións de emisión que sexan válidas unicamente para o período 2008-2012, as cales se rexerán pola redacción orixinal dos citados preceptos.

2. A asignación a titulares de instalación de dereitos de emisión correspondentes ao período 2008-2012 rexeráse polo previsto na redacción orixinal do capítulo IV da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, e non pola introducida polo número dez do artigo único desta lei.

3. A nova redacción que os números dezoito, dezanove e vinte e un do artigo único desta lei introducen nos artigos 30, 31 e 35, respectivamente, da Lei 1/2005, do 9 de



marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, non se aplicará no relativo ás agrupacións de instalacións, para as cales rexerá a redacción orixinal dos citados preceptos.

### **Disposición derogatoria única.**

Quedan derogados a partir do 1 de xaneiro de 2013 os artigos 2.h) e 9 a 13 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro:

### **Disposición derradeira primeira.** *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do ambiente.

### **Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» os números un, dous [definicións a) a e), g), i), j) e l) a v)], cinco, seis, dez, once, trece, dezaseis a vinte e catro, vinte e sete a trinta e oito, trinta e nove (no que respecta aos números 6 e 7 do anexo I e a actividade 29 do cadro do anexo I) e corenta e un a corenta e tres desta lei.

Os números nove, doce, catorce e quince do artigo único entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2012.

Os números dous [no que respecta ás definicións f), k), w) e x)], catro, sete, oito, vinte e cinco, vinte e seis e trinta e nove (no que respecta aos números 1 a 5 do anexo I e as actividades 1 a 28 do cadro do anexo I) do artigo único entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2013.

Polo tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO